

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2010.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D^a ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. D^a VICTORIA MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. D^a BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos do día vinteoito de xaneiro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

Punto núm. 1.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A REASIGNACIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS E RECTIFICACIÓN DE PROPOSTA.-

Interven o Sr. Alcalde manifestando que o punto número un e o debate da proposta do grupo municipal do Partido Popular relativa á reasignación de Comisións Informativas e de rectificación dunha proposta inicial con motivo da adscripción ó grupo de non adscritos dun Concelleiro, definitivamente pois hai unha reasignación de Comisións e con motivo desta situación o Partido Popular presento dous escritos sucesivos, ó último rectifica o anterior, ten a palabra o Sr. Portavoz do Grupo Popular para explicar a proposta.

Dase conta do informe do Sr. Secretario de data 25 de xaneiro de 2010, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO : COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS CONSECUENCIA DE ABANDONO DE MEMBRO DO P.P. PASANDO A CONCELLEIRO NON ADSCRITO.



A **regulación dos grupos políticos** está constituída polo artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril e polos **artigos 23 e seguintes** do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Desta lexislación podemos deducir que a constitución dos Concelleiros en Grupos Políticos é obrigatoria en todos os Municipios e que todos deben quedar integrados nun e só nun grupo político.

De conformidade co disposto no artigo 24 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, os grupos políticos constituiráanse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

A través dos grupos políticos vincúlase a participación dos Concelleiros en todos os ámbitos da vida municipal. Así, ao seu voceiro correspóndelle designar os seus representantes en todos os órganos colexiados que se constituán na Corporación, tales como Comisións informativas, a composición das cales se acomodará á proporcionalidade existente entre os grupos.

Dado que a composición das Comisións Informativas se resolverá por acordo do Pleno en sesión extraordinaria celebrada dentro dos trinta días seguintes ao da celebración da sesión constitutiva da Corporación (**artigo 38.b** do R.D. 2568/1986), será necesario, unha vez xurdida **a figura** de Concelleiro non adscrito, proceder á correlativa modificación do acordo no que inicialmente se determinou a composición daquelas, téndose en conta as regras establecidas no **artigo 125** do citado R.D. 2568/1986 :

a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente **nato** de todas elas; non obstante, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, por proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte desta en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

Por outra parte, o **artigo 20.1.c** da Lei 7/1985, do 2 de abril establece que todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar nestas Comisións, mediante a presenza de Concelleiros pertencentes aos mesmos, e iso en virtude do seu dereito a acceder a cargos e funcións públicas, tal e como recoñecen as **Sentenzas do Tribunal Supremo do 16 de xaneiro de 1987, do 25 de maio de 2001 e do 17 de decembro de 2001.**



Esta formulación que se complementaba polo **artigo 125** do R.D. 2568/1986, que esixe que a súa composición sexa proporcional á representación que exerzan os distintos grupos políticos, foi introducida no referido **artigo 20.1.c** da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local. Recolle así a doutrina ditada pola **Senteza do Tribunal Constitucional 32/1985, do 6 de marzo**, que establecía que as Comisións Informativas *«en canto partes do Pleno, deben reproducir, en canto sexa posible, a estrutura política de este, pois, doutro modo, en efecto, non solo eliminaríase toda participación dos Concelleiros da minoría nun estadio importante do proceso de decisión (...), senón que se furtaría a minoría mesmo a posibilidade de participar con plena eficacia no estadio final da decisión, privándoa do tempo necesario para o estudo en detalle dos asuntos, ou da documentación que iso require, ou de ambas as dúas cousas»*. No mesmo sentido maniféstase a **STC 30/1993, do 25 de xaneiro**, e abundante Xurisprudencia incide na mesma esixencia de proporcionalidade: **Sentenzas do Tribunal Supremo do 28 de decembro de 1989 e do 9 de febreiro de 1996, entre outras**.

Esta proporción na súa composición é moitas veces matematicamente imposible, e así recoñeceuno o **Tribunal Constitucional**, o cal, sinala que *«é notorio que unha proporcionalidade estrita é algo difícil de alcanzar en toda representación, e tanto máis canto máis reducido sexa o número de representantes a elixir ou o colexio a designar»* e que *«esa proporcionalidade (...) non implica a necesidade de que cada unha das Comisións sexa reprodución exacta, a escala menor, do Pleno municipal, senón solo a que, en canto a diferenza cuantitativa e outras consideracións o fagan posible ao fixar a composición das Comisións, se procure dotar de presenza nelas ás forzas políticas presentes no Pleno»* (**STC 30/1993, de 25 de xaneiro, e STC 40/1981**).

Por iso, buscando unha solución, en moitas Entidades Locais recorreuse ao voto ponderado, o cal viría a significar que o voto do representante de cada grupo político na Comisión ten o valor do número de Concelleiros integrados no devandito grupo. Non obstante, esta solución non é aceptada pola Xurisprudencia, que en múltiples Sentenzas (**entre outras, Sentenza do Tribunal Supremo do 30 de novembro de 1995 e Sentenza do Tribunal Supremo do 8 de febreiro de 1999**) interpretou que o establecemento do voto ponderado nas Comisións informativas desborda da potestade de autoorganización do Concello, xa que afecta ao estatuto individual dos Concelleiros; e aínda que este sistema permita alcanzar a proporcionalidade dos grupos políticos no seu aspecto funcional ou deliberativo, non responde á devandita proporcionalidade na súa estrutura e composición.

Segundo o exposto, e á petición do B.N.G. extraer as seguintes

CONCLUSIÓNS

Primeira. A constitución dos Concelleiros en grupos políticos é obrigatoria en todos os Municipios, de maneira que todos os Concelleiros deben quedar integrados nun e solo nun grupo político.

Segunda. Os Concelleiros non adscritos teñen dereito a cobrar por asistencias a Plenos e Comisións, e non a percibir subvencións como grupo, posto que neles non están adscritos. Existe un límite básico:



ningún Concelleiro pode mellorar económica nin politicamente por abandonar o seu grupo ou non se integren naquel no que se integran os Concelleiros da lista na que el concorreu ás eleccións.

Do exposto e da redacción dada ao artigo 73 pola Lei 57/2003, do 16 de decembro conclúese que dado que se prevé o grupo municipal mixto para os supostos de concelleiros que non estean integrados en ningún grupo político ou non poidan formar grupo propio (art. 13 Regulamento Orgánico do Concello de Ares); os membros que abandonen un grupo municipal terán a consideración de membros non adscritos, dado que conforme ao artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, teñen a consideración de concelleiros non adscritos:

- Os que non se integren en grupo ningún.
- Os que abandone o seu grupo de procedencia.

Pois o artigo 24 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro prescribe:

Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do Voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

Unha vez transcorrido o prazo de cinco días sinalado para a constitución dos Grupos Políticos, **non pode formarse outros durante a legislatura, sendo un prazo de caducidade**, pasado o cal nin sequera os que, con posterioridade, adquiren a condición de concelleiros poden formar grupo propio grupo.

Terceira. Dado que a composición das Comisións Informativas se resolverá por acordo do Pleno en sesión extraordinaria celebrada dentro dos trinta días seguintes ao da celebración da sesión constitutiva da Corporación [artigo 38.b do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro), será necesario, admitida a posibilidade de abandono dun grupo político municipal e a súa consideración como concelleiro non adscrito, proceder á correlativa modificación do acordo no que inicialmente se determinou a composición daquelas, téndose en conta as regras establecidas no artigo 125 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro.

Cuarta. Cada Comisión, conforme ao artigo 125 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.



Na súa virtude unha vez xurdida a figura de Concelleiro non adscrito, é necesario proceder á correlativa modificación do acordo no que inicialmente se determinou a composición daquelas, téndose en conta as regras establecidas no artigo 125 do citado R.D. 2568/1986.

Tal é meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular Sr. Cendán Fernández, quen manifesta que a nos por parte do Concello se había mandado un escrito no que se dicía que tiñamos que rectificar os membros das Comisións Informativas, nos o día 20 presentamos un escrito no que designábamnos na Comisión de Cultura 3 membros, na Comisión de Facenda 2 membros, na Comisión de Urbanismo 2 membros, e na Comisión de Servicios Sociais 2 membros e na Comisión de Emprego 2 membros.

Cando me din conta quedábanos un Concelleiro con dúas Comisións, como nos partimos do acordos que acadamos na constitución da Corporación, que PSOE con 5 Concelleiros, PP con 5 Concelleiros 3 membros, entóns é unha regra de tres moi sinxela que si 5 Concelleiros son a 15 Comisións, 4 Concelleiros van a 12 Comisións, quere dicir que os 4 membros do Partido Popular vamos a 3 comisións, como o NAL e como os socialistas, creo que é a equivalencia, hai un desaxuste pequeno que é no Bloque que lle correspondería un Concelleiro máis nunha Comisión pero eu creo que a proposta que non varía ningunha Comisión, quero dicir que queda exactamente igual e que o reparto é equitativo e non discrimina a ninguen.

Acto seguinte toma a palabra o Portavoz do BNG, o Sr. Rodríguez Doval, quen di: Que o tema da proporcionalidade non quedou resolto no Pleno de Constitución ou de creación das comisións Informativas que creo que foi o 19 de xullo de 2007. Si repasades, si se repasan as actas verase daquela nós fixemos unha extrapolación dos resultados onde o que se evidenciaba agora é que os que pero parados saímos a nivel de representación nas Comisións Informativas era o noso grupo porque sendo un tema complicado a proporción total poque non existe, porque é complexo, si que efectivamente se producen distorsións, non. Bueno neste caso, nos tempos, a nós correspóndenos na representación do pleno o 15,38 que habería que aplicar indudablemente ás comisións informativas, si aplicamos esa representación a tódalas comisións informativas nos saíría 1,23 representantes do BNG en cada unha das Comisións Informativas, das cinco xa non incluímos a Especial de Contas aínda que tamén se podería ter en conta, pero sin incluíla, é dicir, son as cinco comisións informativas normais, non. Polo tanto saíría un 1,23 e é evidente que non podemos ter un 1,23 representantes en cada comisión, pero extrapolando as cinco comisións informativas, si se fai unha operación matemática saíría que efectivamente nunha comisión deberíamos de ter 2 representantes para que a proporción fora máis axeitada e incluso nos sobrarían aínda algunhas décimas, pero bueno, vamos a deixalo ahí. En calquera caso é evidente e alégreme que agora se recoñeza que é así, de que a nosa representación, naturalmente é a peor das distribucións que se fixo e que teñen os grupos a respecto do pleno nas comisións informativas, a composición peor e a composición menos adaptada á realidade, e a que se lle otorgou ó Bloque Nacionalista Galego.



Si o Pleno, incluso facendo esa extrapolación, aínda que matemáticamente tampouco nos sale así pero xa o deixamos. Si un grupo político como o Partido Popular queda neste momento, por falar da situación actual, queda con 4 representantes, no Pleno, e se fala de tres representantes en dúas das comisións informativas é evidente que eso extrapolado tamén á situación do BNG pois daría una situación similar, é dicir, nunha comisión informativa polo menos sairía o que antes me referín de dous representantes, polo tanto, como xa nós, non votamos favorablemente a esta distribución que se fixo hai dous anos e pico cando se constituíu a corporación, seguimos pensando de que efectivamente eso hai que reorientalo e naturalmente una boa ocasión é ao fío dun cambio que se acaba de producir nun dos representantes do Pleno, non dentro dos grupos políticos, senón como Concelleiro non adscrito, dado que hai que facer esa modificación, pois efectivamente, lóxicamente se deberían de resolver os problemas que se arrastran nada máis e nada menos que dende hai dous anos e medio, qué representación do BNG nas comisións informativas non se atén á proporcionalidade que sí se atén á dos outros grupos.

De tóda-las maneiras nós tamén queríamos dicir que, claro, estamos aquí falando dos resultados de algo que vai moito máis alá. Nós pensamos que no Pleno anterior se produciu un acordo plenario que é un solemne patinazo, un solemne patinazo que lóxicamente eu agardaba que hoxe se viñera a resolver aquí e ademáis o agardaba na medida en que tuven acceso como calquer Concelleiro ou Concelleira ó informe que realizou o Sr. Secretario que despexa calquera dúbida a respecto do que aquí se dixo tanto no Pleno do día 30 de Decembro como do que se poida dicir hoxe; sendo evidente, que nós entendemos, e así xa o dixemos no Pleno do día 30 de que non sería discutible si o Concelleiro non adscrito porque non representa a ningún grupo político, por eso é Concelleiro non adscrito, se poidese integrar nalgunha comisión e que chegásemos a un acordó para que se integrase nalgunha comisión, o que non é discutible é que ese Concelleiro non adscrito pase de repente a ter rango de portavoz dun grupo municipal.

Entón o acordó que se adoptou aquí o día trinta é un acordó que como acabo de dicir efectivamente, supón un solemne patinazo solamente desde o punto de vista administrativo e xurídico, e que supón ademáis co resto dos grupos pero especialmente con o noso, pois una situación clarísima clarísima de afrenta. E dicir, o pasado luns convocouse unha reunión de portavoces á que o noso grupo estaba convocado, e a nosa sorpresa é que cando chegamos alí nos atopamos con que de repente no Concello de Ares hai un portavoz máis que os portavoces que saliron das Eleccións Municipais, é dicir, temos portavoces de catro grupos políticos, e agora temos portavoces de cinco grupos políticos, a nosa pregunta é, cál é o quinto grupo político desta corporación para ter un rango de portavoz. Non se confunda esto naturalmente con temas de carácter personal ou particular. En fin, este compañeiro, Echevarría, é un compañeiro de corporación, políticamente eu xa lle dixen cál era a nosa interpretación sobre o que pasou no seu partido, que non é un problema noso pero que nos afecta e vaia se nos afecta porque estamos por segunda vez con este tema, hoxe nesta corporación cando seguramente poderíamos estar debatindo outras cousas máis importantes, e en calquera caso o que sí non é de recibo é que se lle convoque ás reunións de portavoces e que se lle de rango a un señor que nin sequera se presentou ás Eleccións, se lle deu o mesmo rango que a un grupo político que se presentou ás Eleccións, que quitou



uns resultados e que polo tanto ten por ley dereito a ter un portavoz porque nós sí que somos grupo político; evidentemente o Sr. Echevarría non é grupo político, polo tanto non é portavoz en nada. Será Concelleiro non adscrito ou non será, non: É Concelleiro non adscrito.

Bueno, este tema naturalmente, non está resolto. Entonces o acordo que se trae hoxe aquí ó Pleno ten dous defectos:

Primeiro é un acordó que é parcial porque resolve na parte do Partido Popular o que lle corresponde porque perderon un Concelleiro, e podemos discutir si son dous en cada comisión e tres en dúas, ou dous en cada comisión e tres en unha, poderíamos entrar ahí, tampouco non temos nós maior interés pero sí que non resolve un problema de situación que se está dando desde hai dous anos e medio, que nós somos o grupo político que ten a representación menos axustada en comisións co respecto a o que temos dentro do Pleno, polo tanto si reorganizamos hoxe a representación nas comisións a nosa pregunta é porqué non se reorganiza a representación nas comisións tamén no que corresponde ó Bloque Nacionalista Galego. E naturalmente se vos podería decir, e remato xa que podemos ter plantexado este tema pola vía xudicial, e nós como non somos partidarios de andar pola vía xudicial, damos os debates políticos, polo tanto aquí hai un debate político, creo que na propia intervención que fixo o propio Partido Popular o recoñeceu, creo que os números están ahí e polo tanto nós abogamos por que no tema do reparto nas comisións se aclare definitivamente que a nosa representación, canto menos nunha das comisións debía de ser maior e por tanto ter, non una persoa senón dúas. Nós decidiríamos en qué comisión era e o trasladaríamos naturalmente á Alcaldía como acaba de facer o Partido Popular.

E no outro, a nosa pregunta é si vamos a seguir con convocatorias de Xuntas de Portavoces ás cales se convoca a personas que son representantes única e exclusivamente de sí mesmas, de Concelleiro non adscrito, e éste di que é un tema importante, porque eu podo estar pensando que tóda-las comisións que se están convocando de portavoces onde se está convocando a este Señor poideran non ser legais, non me corresponde a mín decilo, pero desde logo non o son, desde o punto de vista político e desde o punto de vista xurídico é evidente que ese señor non pode ser representante e eu en verdade ánimo, non tanto a que se me escoite, que pido que se me escoite, senón que animo a que se lean en condicións os informes que fai o Sr. Secretario, porque claro, xa se dixo aquí no Pleno, despois de decirse aquí no Pleno, adoptouse aquí un acordó e a pesar de todos os pesares agora ven aquí este informe de Secretaría e parece que o informe de Secretaría non pon nada e seguimos decindo que aquel Señor, señor Echevarría, que é representante dun grupo político e polo tanto vai a reunións de portavoces en representación dun grupo político "x" que non sabemos cal é, porque non existe ese grupo político, entón, en fin, eu creo que faría una chamada á sensatez, a reconducir ese patinazo que se fixo e eu o que non quero é que esto veña aquí dentro de seis meses por unha sentenza xudicial para que todo o mundo se siga reíndo de que na corporación de Ares somos todos una pandilla de zumbados, perdonando a expresión, porque aquí a veces parece que en vez de imperar o sentido común, impera outro tipo de cuestión.

Fago una chamada á sensatez, fago una chamada a que se reconduza ese acordó que tomamos ese trinta de xaneiro e unha chamada tamén especial a que ó noso grupo se lle trate cando menos como se trata ós



demais porque si outros o merecen, indudablemente dende o punto de vista político o grupo de Goberno a quen mais debería estarlle agradecido é o Bloque Nacionalista Galego.

Toma a palabra o Portavoz de NAL o Sr. Luis Cendán Fernández, quen di que o vai facer moi brevemente, porque é unha cuestión que estou escoitando agora parece que ten máis importancia sobre todo desde o puntos de vista que eu lle dín a este tema. Simplemente nos vimos no anterior Pleno cun escrito onde se solicitaba a participación por parte dun Concelleiro non adscrito ás Comisións Informativas e ademais á Xunta de Portavoces, eu como a eso non lle din maior trascendencia, porque sí e verdade e o informe do Sr. Secretario, nesa cuestión, e hoxe a Pleno ven o mesmo informe practicamente, polo tanto o que eu pensaba co que pensó agora mesmo, é o mesmo. Ese Señor, por ser Concelleiro ten dereito a participar nas Comisións Informativas polo que eso o dí a nova lei, e a maiores se hai un acordo porque as Comisións da Xunta de Portavoces ou Xunta de Voceiros, sabemos que son de tipo deliberativo, e a mín ese señor como se fora outro señor, non me estorba e eu non son quen para quitarlle, quitarlle pis a ocasión de participar simplemente por estar informado na Comisión de Xunta de Portavoces, eu xa o sei que desde o puntos de vista legal non lle pertenece, o seguía pensando e agor amesmo co informe do Sr. Secretario que ven a Pleno sigo pensando o mesmo, polo tanto a mín nin me va nin me ven e se todos estaos de acordo que parte na Xunta de Portavoces, outra cousa é que lle pertecenza por Lei, eu sei que eso non lle pertenece por lei, pero si o estar representando nas Comisións Informativas.

En canto o tema da portecentaxe de comisión, de cómo lle corresponde a cada grupo eu non vou a ser quen, se quedan algunhas décimas, se ten que participar algún grupo máis o algún Concelleiro do grupo nalgunha Comisión Informativa a mín me parece ben, si a maioría está de acordo eu non teño nada que obxetar, desdelle tamén participación o BNG e neste caso si é que lle pertenece esa porcentaxe ou eso resto participar nunha Comisión máis, das cinco que hai ou seis coa Comisión Especial de Contas, pois que se lle participación, pero nunca vou a ser participe de ir en contra de que a xente participe nas Comisións e sexa informada, polo tanto, na miña opinión vexo que é un debate que para nada quero darlle maior énfasis e polo tanto eu creo que a miña postura esta moi ben aclarada e se se dicide que non se participe por parte dun Concelleiro non adscrito ás Comisións e se asi o di a Lei e a maioría está por darlle participación, eu tamén, que ese foi o sentido do voto que eu fixen na Comisión dado que o escrito viña solicitando a participación nas Comisións Informativas e ademais na Xunta, se viñera separado a solicitude tal, pois se faria constar de eso, esde dereito non lle correspondería e como se votou todo xunto, eu votei en que participase nas Comisións, e xa digo, e se a maioría está de acordo en que participe, eu non vou a ser, independentemente de outros recursos que se fagan ó marxe, que eu sei que ese non é un dereito que lle corresponda neste caso ó Concelleiro, polo tanto esa é a miña opinión.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que hai dous debates, enriba da mesa, un debate se resolveu no Pleno anterior, que foi efectivamente a integración dun Concelleiro na Xunta de Portavoces, dous grupos votaron e nese senso o Pleno xa se pronunciou. En consecuencia efectivamente é certo que a democracia implica que cando hai máis votos dun lado que doutro pois hai un acordo e en consecuencia o acordo é o que hai, e foi recurrido polo Partido Popular e xa se resolverá ese recurso. Se



o recurso lle da a razón o Partido Popular pois efectivamente quedarán satisfeitos e se non se lle da a razón o Partido Popular teñen o contencioso, que vaian ó Contencioso, que por certo, a mín sendo Portavoz do Partido Socialista me obrigaron moitas veces a ir o contencioso. Entonces, a presenza, efectivamente dun Concelleiro non adscrito na Xunta de Portavoces se debateu no Pleno anterior e se votou, e agora hai un recuso en vía administrativa que tera que ser resolto. Eu creo que o punto na Orde do Día efectivamente non ofrece lugar a dúbidas que é a participación loxicamente do grupo municipal do Partido Popular nas Comisións Informativas porque efectivamente lo membros deste grupo xa non son cinco, son catro. Entonces de acordo coa regra proporcional coa que efectivamente se adscriben os membros das diferentes Comisións en representación de esos grupos, eu proporía se é aceptado, que o BNG presente unha emenda á proposta do Partido Popular en vitude da cal se incremente súa participación nun máis, en 6, e que digan efectivamente, xa a que Comisión se adscribe ese sexto e votamos o acordo e aprobado este acordo o P.P pasa a ter 3-3-3-2-2-2-2 e o BNG pasa a ter 2-1-1-1-1 e resolvimos a representación dos grupos nas Comisións Informativas.

O outro tmeá está na vía administrativa, hai un recurso, a Alcaldía-Presidencia terá que resolvelo e senón lle dou a razón, o Sr. Cendán podrá denunciarme por prevaricación, que eu saiba xa o dixo no Canal 31, eu o acepto, que me denuncie por prevaricación, se non lle dou a razón, pero digo que efectivamente este tema está xa en vía administrativa e pode ser tutelado polos Tribunais. Ninguén impide que acuda efectivamente á xurisdicción ordinaria, loxicamente en demanda do que considera efectivamente seus intereses lexítimos, por eso digo que efectivamente podemos resolver ese punto número un de xeito sinxelo, e é o seguinte, presentemos unha emenda á proposta do Partido Popular en vitude da cal a representación do BNG incrementase nun Concelleiro máis e o portavoz do BNG tería que manifestar en que Comisión e xa o aprobamos aquí, entón salimos do paso coa participación dos grupos nas Comisións e eu creo que o outro tema está encauzado; en vía administrativa se terá que resolver o recurso do PP e en función de cómo se resolva que aínda non se resolveu, porque ese recurso se presentou fara dúas semanas, ben, pois xa o informará o Sr. Secretario por escrito e a Alcaldía-Presidencia pois terá que resolvelo, se non o resolver, en tres meses o silencio e negativo, e xa podes ir á vía contenciosa, pero vamos, que creo que este tema non forma parte deste debate. Entón, acepta o BNG a emenda para incrementar súa representación nun sexto membro dunha Comisión que podedes sinalar xa agora.

O Sr. Rodríguez Doval, di: claro home a pregunta ofende, Claro se levamos dous anos dicindo que temos representación, menos da que nos corresponde e acaba de dar o discurso que acaba de dicir será porque lóxicamente creemos no que dicimos, pero non creemos por necesidades nosas, seón que creemos porque os número cantan nese sentido, ese é un tema que indudablemente habería que resolver, neste momento o noso grupo non ten decidido en que Comisión pode ser ou tamén eu diría que se nons dera a mesma liberdade que se lles deu a outros grupos no sentido de que nomeemos despois, que digamos a que Comisión adscribimos e que persoa é a que se adscribe porque a miña compañeira máis eu estamos repartidos e temos que mirar si vou e a unha na que está ela ou si vai ela a



unha na que estou eu, eu neste momento non pode decilo e ademáis me parece que o sustancial é o tema da representación e non da cuestión das persoas que vamos a facelo.

Sobre o outro, a ver, Alcalde, a mín, eu creo que esta Corporación entre outros cometidos debería ter un obxectivo de intentar trasladar sentido común a aquelas cousas que poidan telo, nas que non poden telo entendo que a batalla política ó final leva ó que leva, a veces ó final a cousas moi desagradables e a veces a ter metido á actividade política nos tribunais, eu dende logo pola parte que nos corresponde a nós, non son partidario de eso, porque lóxicamente este tema que vamos a solucionar hoxe cun acordó plenario, hai dous anos e medio seguramente o poidéramos ter resolto se presentáramos un contencioso; non é ese o noso obxectivo, nós vimos aquí a facer a defensa naturalmente do que cremos, damos os nosos argumentos e cando son sólidos pensamos que igual que opinamos nós que somos os afectados, tamén pode opinar o resto da xente, é o que se chama sentido común. O sentido común, éu xa sei que ese tema non ven aquí pero é un tema que está pesando, e vostede o sabe, e está pesando na situación da Corporación en cuestión que se dan que non son normais, polo que non é normal que se siga convocando á reunión de portavoces a una persona que aquí se sabe perfectamente que non o é.

Respostolle o Sr. Luis Cendán: eu non nego a capacidade e o dereito que poida ter o Señor Echevarría para ter información que corresponda ós temas da Corporación; si nalgunha Comisión el non está presente e necesita información e eu lla podo dar, tamén lla vou a dar, agora, se ese Señor é Concelleiro non adscrito é evidente que non pode estar nun foro donde os que estamos somos representantes de grupos políticos, Alcalde.

O Sr. Alcalde di que o resolvimos nol Pleno anterior, o diseches e se votou, sanseacabou e non podemos abrir os debates de continuo, perdíces a votación e o PP perdeu a votación, tes que ceñirte á orde día Manolo.

- O Sr. Rodríguez Doval di: si vostede quere que esto se sustancie nos tribunales me parece moi ben, eu quero decir aquí que o que estou pedindo é sentido común. Eu non quero que isto vaya ós Tribunales.

-Bueno, pois eu estou facendo una chamada á razón, e estou facendo una chamada a que hai cuestións que mentras tanto se chaman de cautela. Entón se hai que ter cautela con este tema vostede pode facer dúas cousas, mentras non se resolva o tema, convídalo como si de feito fora Portavoz dun Grupo Político que non é, ou non convídalo, e a miña roposta, e llo dixen a él non é nada personal, creo que él non debe estar de momento, nas reunións de portavoces, porque non é portavoz.

O Sr. Alcalde resposta que hai un acordó plenario que es ejecutivo

O Sr. Rodríguez Doval di que sí, executivo e non legal, Alcalde, ese é o problema.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que ese é un tema que xa se discutiu e perdona que o diga, pero os grupos teñen liberdade de votar o que queiran, ti votas o que queres, y nos votamos o que queremos, e xa o debatimos, e eu asumo miña responsabilidade, si é ilegal que me denuncien, e teño efectivamente unha condena por prevaricación sendo funcionario e vivindo da Universidade, como



comprenderás evidentemente me tería que preocupar, porque son funcionario, pero a responsabilidade e miña e os grupos votan con liberdade, e sanseacabou, ese é un tema que está pechado NAL e o PSOE o viron doutra maneira, e sabe como se chama eso. Chamase transparencia, chamase participación, chamase efectivamente máis democracia, chamase dereitos que que lle concede a lei e os que este Pleno lle queira dar, e a quen non lle guste pode presentar efectivamente o que considere oportuno. Agora, eu por razóns de de transparencia, por razóns de participación, e por razóns efectivamente de democracia, creo que efectivamente debe de participar, e logo votei e o asumo, entonces ese tema esta pechado, entonces trátase de correxir efectivamente a participación dos grupos nas Comisións. Entonces ¿presenta o BNG esa emenda onde efectivamente poderíamos votar xa a composición que propón o PP, máis un representante máis do BNG nalgunha Comisión?

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, que sí.

O Sr. Alcalde di, estupendo, ben pois se está presentada esa emenda, a representación do BNG pasará a ser o 6. O feito de que o designe con posterioridade a este Pleno que teña que volver a outro Pleno. Encontes cando designedes, o sexto representante na Comisión que queirades, xa non volvemos a traer este tema a Pleno e consideramos que eso vai aprobado na votación que imos facer con esa emenda, ¿os parece ben?.

Acto seguinte intervén o Portavoz do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu xa quería intervenir antes, eu quería respostarte Manolo, a mín con relación o escrito que presentei, por parte do Sr. Alcalde se manda un escrito o día 18 decindo que con relación á baixa do Conselleiro Francisco Echevarria Lage, o grupo Popular polo que fai unha reasignación dos componentes do Grupo Popular nas Comisións Informativas, se me solicita que faga unha nova proposta de acordo co principio de proporcionalidade, é dicir designando dous Concelleiros en cada Comisión. Eu lle resposto e me dou conta despois de que me queda un Concelleiro sen unha Comisión e volver a rectificar. Eu non ía entrar no debate, o ía deixar, o ía a facer en rogos e preguntas porque no Pleno do mes anterior, o do mes de decembro foi un Pleno esperpéntico, creo que o grave é que nos presentemos un recurso de reposición pero bueno, o vamos a deixar claro aquí, o grave da situación e que eu creo que cando foi á Xunta de Portavoces, o Portavoz do BNG estaba presente cando se falou de reasignar esto no Pleno, o Secretario, se lle preguntou por parte do Alcalde e dixo, que sí ten dereito a participar en Comisións Informativas pero non ten dereito a participar na Xunta de Portavoces, bueno, eu o luns pola noite colgaron o Pleno este no que nos nos levantamos, pero a sorpresa que nos levamos de todos este tempo, que o Bloque presentou unha proposta, o Sr. Secretario advertiu dúas veces da ilegalidade do asunto e para mín o sorprendente que é a primeira vez que pasa nun Pleno, xa digo un Pleno esperpéntico en todo o seu contido, pero o que quedou claro e que o Sr. Secretario fai a advertencia pode participar nas Comisións, non pode participar na Xunta de Portavoces e se tomo o acordo, eu creo que por parte do Alcalde e outro grupo que o tomou, había outros intereses, non o da legalidade, e eu o que quería aclarar é que a advertencia do Secretario que está dicindo que o acordo é ilegal e se aproba, é que se caeu nunha prevaricación, ben, eu creo que os grupos políticos terán que tomar os acordos que queiran pero se hai unha advertencia e hai que tomar acordo, pero para eso as leis obrigan a ter un asesor xurídico e de asesoramento, e se o asesor



xurídico do Concello, nesto o Secretario está advertindo de que eso non é legal, o acordo non se pode tomar, eu creo que esta claro. Eu que teño que recordarlle o Sr. Portavoz do BNG que estivo coherente na proposta que presentou porque aínda por enriba, o máis grave é que votaron en contra PSOE e NAL, votaron en contra á proposta do Bloque, a advertencia do Secretario e eu creo que, que bueno, despois das formas que non participa na Xunta de Portavoces, tomaron a decisión pero bueno, eu creo que o irse e non participar nas comisións informativas eu creo que eso non ben a conto, porque mentres non se revoque, nos presentamos un recurso de reposición do acordo plenario, creo que este ten que rectificarse, creo que se ten que dar a razón porque así é, senon habería que levalo o xulgado, caer nunha prevaricación, creo que non lle gustaría a ninguen, e o que si digo e que se puido traer, porque teño información de que por parte da Secretaría esta feito o informe do recurso de reposición e que se pudo meter neste Pleno, e como dice o Portavoz do BNG deixar esto listo xa dunha vez, que pode xa, vaise facer a votación, nos somos participes deso, eu o que quero recordarlle o portavoz do BNG tamén que eu no seu día cando foi o debate este trámite das Comisións, eu xa era partidario de que o meterán, porque eu xa recoñecin no momento que se fixo eso, recoñecin que si necesitaba un que non tiñamos inconveniente ningún que o Bloque participase nunha Comisión Informativa máis, non iamos a poñer impedimento nin nun nin en dous, pero o que deixamos claro daquela cando foi a constitución da Corporación e que sigo recoñecendo que o Portavoz do BNG, si que lle correspondía un máis nunha Comisión. Eu quero deixar claro, nos íamos intervir sobre este tema en rogos e preguntas, íamos a ampliar un pouco máis o tema, ía a facer unha intervención un pouco máis extensa polo tema do esperpéntico que pasou o mes pasado pero está claro que nos, ten un mes o Alcalde para respostar esto que se podía deixar xa zanzado porque xa hai un informe de secretaria feito e que o podíamos deixar zanzado e non ter que volver dentro dun mes, dentro de dous meses e despois veña o xulgado se por parte do Alcalde non se accede á petición, o recurso que presentamos e creo que abrir un debate, eu neso coincido co portavoz do BNG o desliar unha situación que xa está bastante claro xa que o informe que ven hoxe nas conclusións que fai o Sr. Secretario neste informe, no no que ten que facer no recurso de reposición, o deixa claro, que dí : “Os Concelleiros non adscritos teñen dereito a cobrar por asistencia a Plenos e Comisións e non percibir subvencións como grupo, posto que neles non están adscritos, existe un límite básico, ningún Concelleiro pode mellorar economicamente nin politicamente por abandonar o seu grupo ou non se integren naquel nos que se integren os Concelleiros da lista na que él concurreu nas Eleccións.

Eu creo que eso queda claro, nos xa no Pleno antes de levantarnos xa deixamos claro que ningún Concelleiro podía mellorar que eso era ilegal, que ningún concelleiro podía mellorar economicamente nin politicamente e neste caso, neste informe que ven hoxe aquí xa está claro e no que eu espero e desexo que o Secretario faga un informe que se saxuste a dereito e que eu creo que o podemos zanzar agora, deixalo zanzado agora e o tema do Portavoz do BNG de incrementar un Concelleiro máis nunha Comisión e o tema do recurso que nos habíamos presentado, eu creo que o podemos deixar zanzado se o Alcalde está de acordo e creo que a maioría estamos de acordo de zanzar esto, pero se non, volver e seguir con este debate non ten ningún sentido.



Interven o Sr. Alcalde manifestando que en consecuencia presentase unha emenda de adición á proposta do Partido Popular que integra un sexto representante a designar por eles por escrito, nunha Comisión tamén a designar por eles por escrito, e se chama emenda de adición e a votamos primeiro.

O Sr. Rodríguez Doval manifesta que as veces nos ceñimos tanto a cuestión lingüísticas e tal que a mín me sobrepasa esto. Eu son delineante entón a mín hai cousas que se me escapan, en calquera caso é certo que o que ven aquí é o escrito do Partido Popular que se refire a un tema de composición das Comisións que non lle afecta a él en solitario entón eu creo que podemos englobar eso, eu non sei se é adición, eu creo que o que é é un acto de xusticia con algo que se tiña que ter resolto hai dous anos e medio e non sei por que non se fixo, pero en todo caso, chamémoslle como queiramos, eu creo que e acepta-l a proposta do Partido Popular e á vista do que teñamos aquí se lle fai una engádega, y esa engádega é correxir una represenación que había no BNG, no sentido que nunha das comisións en lugar de ter un representante teñamos dous, eu pensó que se pode tomar así perfectamente.

Sometida a votación a proposta coa emenda de adición que presenta o BNG, o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO núm. 2.- ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS (BANCARIOS, VENDING E VIDEOCLUB) E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que neste punto tratase dunha ordenación e imposición dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial dos terreos de dominio público con caixeiros automáticos instaladas na fachada dos establecementos, entón estamos a falar efectivamente de empresas bancarias e demais empresas que utilizan a vía pública para unha actividade efectivamente comercial, en consecuencia é unha ordenanza que loxicamente pretende grabar cunha taxa ese uso da vía pública como se lle cobra a todos os veciños todos os usos da vía pública, porque se queren facer unha mudanza, se se corta a vía pública se lles cobra, se queren facer unha obra tamén se lles cobra, en consecuencia pois os bancos cons seus caixeiros utilizan a vía pública, pois loxicamente tamén efectivamente establece unha taxa.

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO : ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.



INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECUMENTOS (BANCARIOS, VENDING E VIDEOCLUB) E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

Coa promulgación da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 39/1988, de 28 de decembro rompese a figura xa clásica e asentada da Taxa para introducir un novo concepto sobre esta mesma materia incorporando os xa famosos "Prezos Públicos". Aínda non se acababa de pacificar a doutrina e a xurisprudencia ao respecto, cando pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Emprestacións Patrimoniais de Carácter Público e ademais como consecuencia de Sentencia do Tribunal Constitucional 185/1995, de 14 de decembro (RTC 1995, 185), que para o tema que agora nos interesa se fundamentaba nunha presunta violación do principio de reserva de Lei consagrado no artigo 31.3 da Constitución Española, a regulación das Facendas Locais sofre un retroceso case na súa totalidade, voltando de novo aos parámetros do Texto Refundido 781/1986, de 18 de abril, por canto se establece o carácter residual da figura do prezo público e regulando outra vez as taxas de forma moi semellante ao que chegou a ser clásico concepto das taxas locais.

Ao momento presente, as Taxas no Réxime Local veñen reguladas nos artigos 20 a 27 e DÁ 2ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Lei Reguladora das Facendas Locais ten configurada a taxa local como un tributo de exacción potestativa, de forma que o seu establecemento depende da vontade da Entidade Local respectiva, e só se poderá esixir previo acordo expreso de imposición e aprobación da ordenanza fiscal respectiva.

Cando o artigo 20 do Texto Refundido das Facendas Locais acomete a descrición do orzamento de feito que orixina o nacemento da obriga tributaria en que vai consistir a taxa, está a conter en dito precepto o que supón a definición e natureza da figura tributaria. Iso supón que con anterioridade ao estudo e comentario dos distintos supostos (moi exhaustivo por outra parte, aínda que non exclúinte) é preciso analizar cal sexa este concepto a título xeral e a verdadeira natureza da figura.

Dos distintos elementos que compoñen a definición que sexa unha taxa, é determinante a unanimidade en aceptar que un de éstos é a contraprestación patrimonial obrigada por parte do suxeito pasivo que recibe da Administración un servizo ou un dereito que individualmente de forma directa ou indirecta lle repercute.

Esta actuación da Administración, pola que recibe a contraprestación pecuniaria, por disposición legal pode deberse, a dúas situacións diferenciadas:

a. Porque o particular, suxeito pasivo, utilice ou aproveite de forma privativa ou especial o dominio público local.

b. Ou porque se vexa afectado ou beneficie-se de modo particular dunha actuación dunha Administración Local, exercendo as súas potestades en réxime de Dereito Administrativo.



Referencia xurisprudencial de taxas locais

Se aborda este apartado desde a experiencia práctica dos concellos nas súas labores de xestión tributaria sinalando só aqueles supostos que mais complexidade ou dificultade viñeron presentando e polos que se viron obrigados a defender as súas tese ante os Xulgados e Tribunais contencioso-administrativos. Certo é dicir que desde a promulgación da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, o coñecemento e a revisión xurisdiccional dos asuntos que traten da xestión municipal das taxas veu sendo encomendada aos Xulgados Contencioso-Administrativo, en única ou primeira instancia, correspondendo a segunda instancia, nos casos de contía superior a dezaoito mil euros, á Sala dos Contencioso dos Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas. Iso conleva que a liquidación dunha taxa municipal poda ser revisada por Tribunais Superiores de Xustiza.

As materias que se van a abordar son as seguintes:

Esixencia da taxa por concesión de licencia de apertura cando se deba a cambio de titularidade.

A suxección ou non á taxa de apertura dos despachos profesionais.

Duplicidade impositiva por expedición de documentos e licencias urbanísticas.

Taxas por licencias de obras denegadas.

Taxa de eliminación de residuos sólidos.

1. Esixencia da taxa por concesión de licencia de apertura cando se deba a cambio de titularidade.

Os criterios xurisprudenciais sobre esta cuestión son contrarios á esixencia de liquidación da taxa de apertura para aqueles casos en que se produciu a transmisión de dita licencia, o que ven permitido pola lexislación vixente, é dicir que se produza un troco na titularidade da actividade desenvolvida no local de que se trate.

TSJ de Andalucía-Granada, S. de 20 de xaneiro de 1997; Tribunal Supremo S. de 19 de xuño de 1995 (RJ 1995, 4709); Tribunal Supremo S. de 15 de novembro de 1996 (RJ 1996, 8132).

Non obstante existe unha excepción a este criterio dos nosos Tribunais para aqueles casos en que con motivo da transmisión da licencia e da comprobación de deficiencias no inmutábel, se prestase o servizo de comprobación por parte do Concello; neste suposto admite o TSJ de Andalucía-Málaga, en S. de 21 de marzo de 1997 (JT 1997, 371), que tendo-se emprestado o servizo por parte da administración municipal, si procede o devengo da taxa.

2. Suxección ou non á taxa de apertura dos despachos profesionais

Esta cuestión ven sendo consulta case habitual que os servizos técnicos dos Concellos teñen que liquidar a diario por canto se ben ata fai non moito tempo a xurisprudencia era



unánime á hora de considerar a non suxeción á taxa de apertura aos despachos profesionais, que ficaba reservada única e para os locais onde se exercía unha actividade comercial e industrial, é o certo que recentemente se está a producir unha revisión sobre esta asentada teoría e xa se van atopando algunha sentenza que recolle esta posibilidade de suxeción.

A tese de non suxeción, que é a xeral como xa se dixo, ten o seu fundamento en que o aínda vixente Regulamento de Servicios das Corporacións Locais no seu artigo 22 cando regula este tipo de licencias se refire a "establecementos". Termo este que o ordenamento liga en todo caso como propio de actividades comerciais e industriais, non profesionais.

Neste sentido as Sentencias do TSJ de Galicia de 22 de abril de 1994 (JT 1994, 461), TSJ País vasco de 7 de novembro de 1994 (JT 1994, 1427); TSJ de Cantabria de 22 de abril de 1996 e TSJ de Cataluña de 22 de outubro de 1996 (JT 1996, 1679), entre moitos outras.

O motivo que está a dar ocasión a reformularse a suxeción á taxa de apertura dos despachos profesionais é a cada vez mais usual práctica de asociación dos profesionais en forma de sociedade mercantil. Se fundamenta dita suxeción en que no Imposto sobre Actividades Económicas se contén a disposición de que no caso que un profesional se asocie, en calquera figura, virá a tributar pola sección primeira das tarifas do imposto, é dicir por actividades empresariais, en vez de na sección segunda que é a que se refire aos profesionais.

Así ven recollido na S. de TSJ de Cataluña de 13 de decembro de 2002 e S. de 12 de marzo de 1999 (JT 1999, 1337).

3. Duplicidade impositiva por expedición de documentos e licencias urbanísticas

O debate neste caso ven planteado pola doutrina que entendía compatíbel a coexistencia de ambos feitos impositivos en base a que nas normas que enumeran os tipos de taxas se conteñen ambas clases e a que en cada unha delas se produce a intervención de diferente autoridade ou funcionario, e en base tamén ao silencio administrativo que opera nas licencias urbanística que produce a súa concesión sen necesidade de actividade documental administrativa ningunha.

Por todas a S. do Tribunal Supremo de 20 de decembro de 1969.

Este planteamento foi con carácter xeral superado xa que a expedición de documentos das secretarías administrativas non son por si ningún servizo administrativo, se non que constitúe un medio ordinario e necesario para o traballo das administracións públicas e esta actuación non pode por si dar orixe a ningún tributo; para que teña esa consecuencia tributaria é preciso que o documento administrativo constituía unha emprestación autónoma e diferente.

Así, hai que entender que o outorgamento dunha licenza de obras é a concesión do permiso que constitúe a orixe da taxa e a súa incorporación a un papel ou documento en que se plasma a autorización non pode dar lugar a outro deveción sen incorrer en duplo imposición.

Por todas a S. do Tribunal Supremo de 22 de maio de 1996 (RJ 1996, 4918).



4. Taxas por licencias de obras denegadas

Cohabitan, como nos casos anteriores, distintos ou contrarios pronunciamentos xurisprudenciais neste tema.

O feito imponible das taxas por licencias de obras non é a concesión ou non da mesma se non a actividade levada a cabo polo Concello para comprobar que o que se pretende construír está ou non conforme coas normas urbanísticas do Municipio. A actividade en que consiste a emprestación do servizo por parte da administración municipal pode acabar ou non coa concesión da licenza solicitada, pero en todo caso a realización da actividade administrativa se produciu e polo tanto se há devengado a taxa, independentemente da súa definitiva concesión.

Así se pronuncian o TSJ de Andalucía con S. de 30 de xaneiro de 1991; TSJ do País Vasco de 17 de novembro de 1994 (JT 1994, 1374); TSJ de Asturias 11 de setembro de 1995 (JT 1995, 1169); TSJ de Canarias de 5 de febreiro de 1996 (JT 1996, 106).

Polo contrario, como xa se dixo con anterioridade, existe unha doutrina xurisprudencial que entende que nas taxas por outorgamento de licencias urbanísticas, dita actividade municipal se ordena a un resultado: a obtención de licenza, que concreta no solicitante da mesma a cualidade de beneficiario ou afectado positivamente pola intervención policial do Concello, polo que se esixe dous feitos distintos para que se produza o devengo da taxa: por un lado a emprestación do servizo municipal e polo outro un feito máis específico que a motivou cal é a concesión da licenza; ao non concederse a licenza para efectuar as obras, non se realizou o feito imponible por faltar un dos dous requirimentos e polo tanto non ten lugar o devengo da taxa.

Esta teoría é a defendida por Audiencia Territorial de Zaragoza de 13 de marzo de 1989; Tribunal Supremo S. de 18 de decembro de 1995 (RJ 1995, 9296); Tribunal Supremo de 13 de xaneiro de 1996 (RJ 1996, 231); Tribunal Supremo de 3 de Xullo de 1997 (RJ 1997, 6680).

5. Taxa de eliminación de residuos sólidos

De entre todas as taxas municipais é a que grava a recollida domiciliar e eliminación dos residuos a que veu ofrecendo máis diferenzas na propia xestión municipal e por ende na doutrina xurisprudencial. Iso pode ser debido, entre outras causas, á afectación do servizo á xeralidade da poboación, con toda a súa casuística e problemática.

Extraemos para este planteamento distintos supostos que se veñen coñecendo polos nosos tribunais con asiduidade.

a) Exixibilidade da taxa aínda que non se utilice o servizo.

O feito da taxa se produce cando o Concello ten implantado e en funcionamento o servizo de recollida e eliminación de residuos, non sendo necesario que o solicite o suxeito pasivo, xa que este tributo é de recepción obrigatoria. En base a esta nota de obrigatoriedade, é exixibel a taxa, aun no suposto de que o suxeito pasivo, de forma particular, recolla e elimine o lixo que produce.



TSJ de Galicia S. de 12 de marzo de 1996 (JT 1996, 351); TSJ de Canarias S. de 16 de xullo de 1996 (JT 1996, 864).

Unha excepción a esta doutrina xeneralizada constituída o planteamento que ao respecto realiza algún Tribunal, entre outros o TSJ de Cataluña na súa sentenza de 12 de decembro de 1990, que se pronuncia no sentido de que unha vivenda que non foi obxecto de alta en algúns dos suministros de auga, electricidade, gas etc. por ser de nova construción, presume-se non habitábel e polo tanto non se pode emprestar o servizo municipal, o que conleva a que tampouco non poda exixir-se o tributo.

b) Cuantificación da taxa.

O problema que se suscita e sobre o que se debate é o da cuantificación da taxa cando se está a emprestar un servizo, como é o da recollida e eliminación dos residuos, que é de carácter xeral e de recepción obrigatoria para a xeralidade dos veciños e cuxa cuantificación non é posíbel realiza-la a partir de parámetros directos, se non indirectos ou indiciarios.

A base impoñible da Taxa de recollido de lixo non ten por o que estar sometida a iguais parámetros para a totalidade dos inmobles, se non que pode plantearse ese calculo a partir de parámetros distintos que podan, sempre de maneira indiciaria, resaltar distintas situacións. Perfectamente os Concellos poden referenciar a Taxa á valorizar en categorías das vías públicas ou a partir dun valor administrativo como pode ser o valor catastral, superficie do inmovible, etc.

Tribunal Supremo, Sentencia de 16 de maio de 1991 (RJ 1991, 4354); Tribunal Superior de Xustiza de Canarias, Sentencia de 30 de xuño de 1995 (JT 1995, 735).

c) Confluencia dos conceptos de recollida/eliminación/transformación na taxa.

O servizo municipal de recollido de lixo é distinto á actividade da súa eliminación encanto que ao primeiro, non colle dúbida de que é exixíbel a taxa correspondente cando se empresta polo Concello. En troco o servizo de eliminación deses residuos non pode ser gravado con taxas xa que é requirimento xenérico do feito impoñible ademais do beneficio particular do suxeito pasivo que os servizos públicos ou a realización das actividades administrativas que se gravan sexan de solicitude ou recepción obrigatoria e esa obrigatoriedade que para os residuos urbanos está establecida en relación coa posta a disposición dos Concellos, non o está no caso da eliminación. A eliminación favorece só aos Concellos propietarios dos residuos previamente recollidos.

TSJ de Castela e León S. 31 de xaneiro de 1997 (JT 1997, 40).

Esta doutrina non é seguida por outros Tribunais ao plantear que o servizo público que emprestan os Concellos baixo o título "recollida de lixos" comprende todo o proceso de xestión de residuos sólidos, que abranxe non xa o feito en si da recollida do lixo polo Concello, se non ademais as operacións de transporte, clasificación, reciclaxe e eliminación. Hai que incluír no servizo de recollida e tratamento de residuos a eliminación dos mesmos pois de outro modo non tería sentido o ciclo iniciado coa prestación do servizo público de recollido de lixos.

TSJ de Andalucía S. de 26 de maio de 1997 (JT 1997, 574).



4. Modelos dos estudos técnico-económicos para a determinación da tarifa a aplicar nas taxas municipais.

A finalidade dun Concello radica fundamentalmente na emprestación de servizos ou cesión de aproveitamentos do dominio público á comunidade local. A emprestación destes servizos ou aproveitamentos, implica necesariamente a existencia duns custes que ben poden ser directos, é dicir, se producen se se empresta o servizo ou concedese o aproveitamento e en caso contrario non se producen, e custes indirectos, que son aqueles nos que se empreste ou non se empreste se van producir aínda que non obstante e a efectos dunha adecuada imputación dos mesmos é preciso distribuír entre os distintos servizos e actividades que o Concello realice nun determinado momento.

Neste estudo se trata, simplemente, de indicar unha breve e lixeira aproximación á contabilidade de custes con un dobre motivo:

a.-En aplicación que sinala o artigo 24.2 do RDLeg 2/2004, é dicir, o importe das taxas pola emprestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu dereito, do valor da emprestación recibida.

b.-Para tratar de mentalizar ás Corporacións Locais sobre a necesidade de incorporar a Contabilidade de Custes como fonte de información sobre a eficacia, eficiencia e economía dos servizos municipais, así como para unha adecuada toma de decisións por parte dos distintos equipos de goberno e un adecuado coñecemento da oposición e dos habitantes do municipio correspondentes.

O citado artigo 24.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, indica os parámetros a ter en conta á hora de determinar importe das taxas e que se estrutura en tres grandes apartados:

Determinación dos custes do servizo.

Estimación dos ingresos previstos de acordo ás cuotas tributarias propostas nas Ordenanzas e derivadas do presente estudo.

Revisión do resultado económico da emprestación do servizo.

As taxas teñen o carácter de ingresos de natureza tributaria a teor do disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, e as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus propios tributos, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 25) establece en relación ás taxas, que en xeral o importe das mesmas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.



O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en cambio en relación cos prezos públicos (art. 44) establece que o importe dos mesmos deberá cubrir como mínimo o coste do servizo prestado ou da actividade realizada e cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se ha hubere.

Nos termos previstos no artigo 8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, as exencións, reducións ou bonificacións son materia de reserva de Lei.

Dito precepto anterior está recollido constitucionalmente no artigo 133.3 da Constitución española e desenrolado a nivel de Lei ordinaria na Lei Xeral Presupostaria.

A nivel local , o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados internacionais, aínda que non obstante, poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as Entidades Locais establezan nas Ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos por Lei.

A nova regulación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modifica a anterior regulación que esixía quórum para a aprobación dos tributos propios, no senso de que agora non requiren quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación a “imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario”.

En relación ó presente suposto “APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS (BANCARIOS, VENDIG, VIDEOCLUBS, ETC) E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA”, unha recente **Sentenza do T.S. de 12 de febreiro de 2009 (rec. 6385/2006)**, ven a recoñecer a legalidade da taxa pola instalación en establecementos bancarios de caxeiros automáticos en liña de fachada utilizables polo público desde a vía pública, pois dita instalación comporta un aproveitamento da vía pública, non privativo, pero si especial, por parte da entidade bancaria, que obtén un beneficio económico específico, sendo, por tanto, suxeito pasivo da taxa.

Na Sentenza resolverse a impugnación dun acordo plenario do Concello de Palma de Mallorca aprobatoria da Ordenanza reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e voo dos terreos do dominio público local, e que establecía no apartado 17 do Anexo as tarifas da taxa para caxeiros automáticos utilizables polo público desde a vía pública en función da categoría da rúa



onde se ubica o caxeiro, basadas na clasificación de vías municipais aplicable ó imposto Municipal sobre Actividades Económicas, pola Confederación Española de Caixas de Aforro, sendo ilustrativos os Fundamentos de Dereito cuarto, quinto e sexto, que se reproducen a continuación, por canto a litis centrarse se o caxeiro ó estar ubicado na fachada dun edificio que é propiedade particular, tratándose dun suposto de uso común xeral da vía pública, que de selo caso dun aproveitamento especial que no seu caso debería ser atribuído ó usuario.

FUNDAMENTOS DE DEREITO :

CUARTO.

La cuestión litigiosa se centra en determinar si existe un aprovechamiento especial del dominio público local en el servicio de cajeros electrónicos colocados en las fachadas de los locales de las sucursales bancarias y que el cliente utiliza desde la calle. El uso en la vía pública de los cajeros es el que normativamente contiene la Ordenanza reguladora del tributo -- que aquí se recurre-- para definir el hecho imponible.


El problema ha recibido dos tratamientos distintos:

a) Para unos no hay verdadera utilización o aprovechamiento especial de un reducido espacio de la vía pública en el breve tiempo que dura el servicio del cajero, tiempo que no difiere esencialmente del de los simples transeúntes que hacen un uso colectivo y general de la vía pública. La respuesta negativa supondría la nulidad de la Ordenanza Fiscal que incluyera ese hecho entre los imposables de la tasa por utilización o aprovechamiento especial del dominio público.

b) Para otros, aunque el cajero esté instalado dentro del local del establecimiento bancario, es utilizado desde fuera de él, ocupándose la vía pública de un modo especial, muy distinto del mero transitar.

Ciertamente, el cajero automático instalado en la fachada de un establecimiento bancario no ocupa la vía pública; sólo mientras los usuarios efectúan las operaciones que tales máquinas permiten, ocuparían la vía en el concreto lugar donde este ubicado el cajero. Pero si la instalación de un cajero automático en la vía pública no cabe calificarla como de utilización privativa, sí comporta un aprovechamiento de aquélla que no cabe asimilarlo a un uso general de la vía pública ([sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Extremadura de 29 de marzo de 2006 \(JUR 2006, 151068\)](#) , recurso num. 453/2004) y es que no cabe desconocer lo peculiar del servicio que realizan estas máquinas, por ejemplo para obtener dinero: éste se expide desde el interior del edificio pero se recibe en la vía pública: Pero aparte de la obtención de dinero efectivo, los cajeros automáticos constituyen auténticas oficinas de urgencia de las entidades financieras (ex [sentencia Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León, Sala de la Jurisdicción de Burgos de 22 de septiembre de 2006 \(JUR 2006, 247834\)](#) , recurso apelación num. 75/2006); en efecto, mediante este sistema operativo, usual en la práctica bancaria, determinados servicios y operaciones propias de los contratos de naturaleza bancaria que tales entidades ofrecen a sus clientes son prestados de forma ininterrumpida no ya en el interior del centro bancario sino con aprovechamiento, de forma no excluyente pero sí especial del espacio exterior, sobre la vía pública, en la que el cliente puede realizar un amplio abanico de operaciones fuera del horario comercial sin necesidad de utilizar las dependencias de la entidad de crédito, que indudablemente obtiene un provecho económico de esta operativa que se realiza en espacio de dominio público local mediante un sistema inteligente que es complemento de su propio centro de actividad ([sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña de 25 de abril de 2005 \(JT 2006, 131\)](#)).

En consecuencia, no ofrece dudas que la instalación de cajeros por una entidad bancaria, en línea de fachada y orientados hacia la vía pública, con la evidente finalidad de posibilitar su utilización por todo usuario que posea la tarjeta magnética imprescindible para acceder a la serie de servicios que prestan, tiene como efecto inmediato la realización de operaciones bancarias desde la vía pública a través de tales



instrumentos, con la consiguiente ocupación de la vía pública por los clientes receptores de los servicios bancarios, cuya prestación es trasladada así desde el interior de la oficina bancaria a la vía pública. Todo ello permite apreciar que la existencia de esos cajeros automáticos comporta un aprovechamiento, no privativo pero sí especial de la vía pública por parte de la entidad bancaria titular del cajero automático, que es la que obtiene con dicha instalación un beneficio económico específico y exclusivo, subsumible en el art. 20 de la [Ley 39/1988, Reguladora de las Haciendas Locales \(RCL 1988, 2607 y RCL 1989, 1851 \)](#), donde se contiene una relación no cerrada sino abierta, es decir, meramente enunciativa, de los conceptos concretos que motivan el cobro de una tasa (ex [sentencia de la Sala de la Jurisdicción del Tribunal Superior de Justicia de Madrid de fecha 10 de enero de 2008 \(JT 2008, 359 \)](#), recurso de apelación num. 584/2007; en el mismo sentido las [sentencias del Tribunal Superior de Justicia de Madrid de 26 de enero \(JT 2004, 1213 \)](#) y [31 de mayo de 2004 \(JUR 2004, 272201 \)](#) .

QUINTO

La finalidad que con los cajeros automáticos se persigue, que conlleva una mayor intensidad de uso del dominio público local o, cuando menos, una intensidad de uso superior a lo que sería el uso general colectivo de la vía pública, es lo que permite encontrar una diferencia con el supuesto que contempló esta Sala en su [sentencia de 28 de abril de 2004 \(RJ 2004, 2767 \)](#) (recurso num. 605/1999), en la que lo que se dilucidaba era la posibilidad de que el Ayuntamiento de Santa Lucía (Las Palmas de Gran Canaria) pudiese cobrar un precio público por instalación de portadas, escaparates y vitrinas, así como de rótulos y carteles. Esta Sala consideró que siendo patente que las portadas, escaparates y vitrinas se instalan en terrenos de propiedad particular, ello excluye de raíz que exista utilización privativa del dominio público local. Tampoco concurre ningún servicio prestado por la Administración. Del mismo modo, ha de excluirse que se dé un aprovechamiento especial del dominio público, pues la instalación de portadas, escaparates y vitrinas, por llevarse a cabo en propiedad privada, no comporta un aprovechamiento especial del dominio público. El hecho de que las portadas, escaparates y vitrinas sean vistas desde el dominio público no configura un aprovechamiento especial "del" dominio público, sino "desde" el dominio público. Este cambio preposicional es también conceptual lo que priva de cobertura a la Ordenanza cuestionada.

En el caso de instalación de cajeros automáticos que aquí nos ocupa, el supuesto es distinto puesto que la instalación del cajero automático implica una utilización física del dominio público ya que el cajero no es susceptible de ser utilizado con su mera visión sino que exige una parada física ante él para realizar las operaciones solicitadas, de manera que no solo se usa "desde" el dominio público sino también "en" el dominio público, aunque se encuentre materialmente empotrado en la pared del establecimiento bancario. Su instalación no es para ser visto, como en el caso de los escaparates, sino para ser utilizado.

SEXTO

Otra de las cuestiones planteadas en el recurso que nos ocupa es la de quien es el sujeto pasivo de esta tasa, si los clientes que utilizan el cajero o la propia entidad financiera titular del mismo. El art. 23.1 de la [Ley de Haciendas Locales \(RCL 1988, 2607 y RCL 1989, 1851 \)](#) considera como sujeto pasivo de la tasa, en concepto de contribuyente, al que disfrute, utilice o aproveche especialmente el dominio público local en beneficio particular.

La Sala entiende que el aprovechamiento especial no está en el usuario del cajero sino en la entidad bancaria que lo coloca, obteniendo por ello un beneficio económico, siendo entonces la tasa la compensación correspondiente a ese beneficio específico y exclusivo que sin el aprovechamiento del espacio público no obtendría; nada impide por tanto su inclusión en el art. 75 del [Real Decreto 1372/1986 \(RCL 1986, 2217 \)](#), Reglamento de bienes de las Entidades Locales, como uso común especial (ex [sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla La Mancha de 8 de febrero de 2005 \(JUR 2005, 54426 \)](#)).



Tratándose de un servicio financiero al cliente del que el Banco obtiene el consiguiente provecho o ventaja al ampliar notablemente su actividad mercantil, la contraprestación pecuniaria representada por la tasa debe exigirse a los bancos o cajas de ahorro ya que son éstos los que resultan beneficiados por las operaciones que se realizan en el cajero y/o de los servicios que el mismo presta a los usuarios, al ser en la vía pública donde se presta dicho servicio ([sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña de 25 de abril de 2005 \(JT 2006, 131\)](#)).

Finalmente son de destacar as seguintes regras para a tramitación dos acordos de ordenación e imposición de taxas e prezos públicos :

- 1.- A teor do previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (T.R.L.R.F.L.) o acordo de ordenación e imposición, expoñerase a información pública, polo prazo de trinta días, mediante anuncio exposto no taboleiro de anuncios da Corporación e, no Boletín Oficial da provincia, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.
- 2.- O acordo de aprobación provisional, nos termos establecidos no artigo 17.3 do T.R.L.R.F.L., no suposto de non presentarse reclamacións, elevarase a definitivo.
- 3.- Ó abeiro do artigo 17.4 do citado texto legal, o acordo provisional elevado automaticamente a definitivo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que vai a votar a este punto e o próximo a favor e o único que deixo constancia que nos vamos a votar, vemos que é un dereito que esto se leve a efecto e o único que poido recordar e é achacarlle esa etapa tanto o BNG como o PSOE que cando eu gobernaba, estas taxas sempre se votaron que non. Nada máis que eso.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Bueno, cando tuvemos aquí un debate a finais do ano falando do tema das ordenanzas, quero recordar que por terceiro ano consecutivo, 2007, 2008, 2009 insistimos na necesidade que o Concello revisase todo o repertorio que ten de ordenanzas fiscais porque entendemos que, bueno, posiblemente tanto no fondo como na forma e nos conceptos dalgunhas delas por non ir a máis de una que eu creo que é sangrante, a de impostos de construción como algún dos parámetros que se contemplan ahí e con algunhas das taxas, é dicir, das cantidades económicas que se imponen, e que nos pensamos que naturalmente non se pode manter durante moito tempo máis, lóxicamente xurdiu a idea de que se podía revisar todo este aparello das ordenanzas fiscais, no sentido en que é evidente que supón unha das partes que nós defendemos que ten que ser fundamental sempre que se faga dunha maneira solidaria e dunha maneira racional a obrigaón das ordenanzas fiscais, é dicir que ninguén teña privilexios con respecto a outros, nin personas nin Institucións pero que non hai que mirar única e exclusivamente ordenanza por ordenanza o diñeiro que nos pode dar, senón todo ese



conglomerado do conxunto das ordenanzas. Bueno,¿ porqué dicíamos esto? Dixemos pois bueno, efectivamente si plantexamos esto no ano 2007 para que teñamos todo o ano 2008, e fagamos un exercicio de debate e de poñer enriba da mesa cada una das ordenanzas e ver realmente o que está desactualizado, o que está superado ou o que falte no caso dalgunha delas como pode ser o caso da incorporación ou aplicación de novas ordenanzas, bueno, é certo que como dixen en 2007 se dixo que sí pero no 2008 non se fixo nada, no 2008 se dixo que sí pero o 2009 non se fixo nada, entonces bueno, eu non son, non vou a facer futurismo pero en todo caso é evidente que ese compromiso que teñamos de revisar todo eso non se está producindo porque e vou ó tema que nos ocupa porque en lugar de revisar todo este tinglado que temos nas ordenanzas municipais o que estamos facendo é proceder única y exclusivamente á imposición de dúas novas. Bueno, nós vamos a pedir que este tema quede sobre a mesa e vou a decilo con toda claridade porque non ten en este momento ningún tipo de empaque económico que nós adoitemos este acordó aquí, é evidente que si o obxectivo fora adoiar o acordó coa idea de que fose operativo para o exercicio presupuestario no que estamos, é dicir no 2010, esto tería que terse acordado evidentemente nun Pleno durante o ano 2009 e non se fixo polo tanto lóxicamente si aprobamos hoxe aquí estas novas taxas non van ser operativas ata o ano 2011, bueno, como temos ese compromiso de que vamos a revisar todo e como ademáis economicamente non vai supor abslutamente nada, que sería una das razóns, estamos perdendo diñeiro por non aplicar as taxas, neste caso non vai ser así, porque está claro que este acordó aprobase e esa exposición pública, pero non pode facer efectiva para o ano 2010 senón que sería efectivo para o ano 2011, polo tanto eu o único que pido é que por favor por terceira vez que fagamos ese debate de carácter xeral, que miremos o que temos que modificar e que incluso, en fin, quero dicir aquí, que ó mellor tamén hai cousas que pulirille ó tema das comunicacións . Cando se redactan o tema dos ordenadores e o tema de internet ten moitas ventaxas pero ten outros erros. E o cortar e pegar nos leva a veces a desactualizar os conceptos e as cuestións do tempo, entonces en fin, o tema da telefonía móvil avanza a pasos tan axigantados como o tema das televisión etc, etc, que moitas veces un concepto que quere dalgunha forma actuar sobre ese sistema como pode ser a aplicación dunha ordenanza fiscal cando nos damos conta pasan tres ou catro anos e está superado pola propia realidade, nese sentido, pero fundamentalmente porque non en ningún tipo de repercusión económica, nós o que somos partidarios é que de cara a próxima Comisión de Facenda iniciemos o debate da modificación da revisión do conxuto de tóda-las ordenanzas fiscais e nese montante global metamos tamén estas ou ó mellor algunhas outras, a TDT está aquí, en fin, temos seguramente cousas das que falar e moi actuais, polo tanto, nese sentido xa que non se fixo a aprobación a finais do ano pasado y como xa digo non ten repercusións, non poderemos ser acusados de que por esa razón o Concello vaia a perder diñeiro porque efectivamente non vai a ser esa a situación, polo tanto, que quede ben claro, non é deixalo encima da mesa para que non se fale, senón precisamente deixalo enriba da mesa para que por una vez poidamos falar, pero de todo.

Toma a palabra o portavoz do P.P. Sr. Manuel Cendán: Manifestando que simplemente están de acordo con este tipo de taxas que entre elas que quedaban pendentes e o mellor hai que revisar se queda outra máis, como di o da TDT, non sei se temos algún tipo de dereito sobre o novo sistema de televisión, pero bueno, en todo caso, polo que estamos de acordo é polo fondo, porque esto é un negocio, que ten que pagas todolos impostos e esta xente que non pague completamente nada cando



ten o negocio na vía pública poise u creo que é incluso inxusto, polo tanto estamos de acordo e en canto o tema da aplicación da taxa, home o idóneo será que viñera con tempo de antelación para a posterior publicación do tema e entraga en vigor no exercicio que estamos pero se non pode ser, e en canto á revisión esto non impide nada entendo eu porque si as temos que revisar unha vez aprobadas e se revisan todas xuntas e aplicar o que sei, pois a cuestión económica ou outro tipo de consideración que teñan as taxas e se revisan todas eu creo que é aprobar, o entrar en vigor estas taxas non conducen a nada. Polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Acto seguinte o Sr. Alcalde dalle a palabra o Sr. Echevarría Lage, quen manifesta que esta de acordo co manifestado polos anteriores portavoces, que as entidades bancarias cobran ata por respirar.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 4 PP, 1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 2 abstención do Grupo Municipal do BNG, acorda:

- 1.- Aprobar Inicialmente a Ordenación e Imposición da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo aproveitamento especial de terreos de dominio con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos (Bancarios, Vending e Videoclub) e con acceso directo denede a vía pública cuio texto integro figura como Anexo do presente acordo.
- 2.- De conformidad eco previsto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, expoñer o presente acordo a información pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio exposto no taboleiro de Edictos da Corporación, e no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.
- 3.- O presente acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo no suposto de non presentarse reclamacións.
- 4.- O abeiro do artigo 17.4 do citado texto legal, o acordo provisional elevado automaticamente a definitivo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS [BANCARIOS, VENDING, VIDEOCLUBS, ETC.,] E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 57 do Real Decreto



Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de conformidade co disposto nos artigos 20 e seguintes en relación cos artigos 15 a 19 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a «taxa polo aproveitamento especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos bancarios, **vending** e **videoclubs** e con acceso directo dende a vía pública» que se rexerá por esta Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Ares.

ARTIGO 3. Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible da taxa o aproveitamento especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos bancarios, **vending** e **videoclubs** e con acceso directo dende a vía pública», en virtude do establecido nos artigos 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria; 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Reguladora das Facendas Locais e 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

ARTIGO 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos da Taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que son os seguintes:

- Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles no beneficio dos cales redunde o aproveitamento especial do dominio público local.
- Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.
- Os que, cesando no aproveitamento, non presenten á Entidade local a baixa correspondente.

ARTIGO 5. Responsables

Serán responsables solidarios e responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas físicas e xurídicas citadas nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, respectivamente.

ARTIGO 6. Cota Tributaria



A cota tributaria será o resultante da aplicación das Tarifas incluídas na presente Ordenanza Fiscal, segundo a natureza do feito, derivado de actuacións para as que se outorgara o correspondente aproveitamento especial e atendendo á categoría da rúa onde estea instalado o caixeiro automático.

A taxa a que se refire esta Ordenanza rexerese polo seguinte cadro de tarifas e por unidade.

	CONCEPTO	COTA
<i>A</i>	<i>Rúa de 1.ª categoría</i>	<i>250,00 euros</i>
<i>B</i>	<i>Rúa de 2.ª categoría</i>	<i>150,00 euros</i>

ARTIGO 7. Exencións da Taxa

Non se admite beneficio tributario ningún, salvo a favor do Estado e os demais Entes Públicos territoriais ou institucionais ou como consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais (artigo 18 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos), agás a posibilidade de terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas.

ARTIGO 8. Remuneración e Período impositivo

Devengarse a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) Tratándose de novos aproveitamentos, no mesmo momento de solicitar o outorgamento da licenza municipal que haxa de autorizalos ou, no seu defecto, dende o mesmo momento en que se realice materialmente o aproveitamento real e efectivo.

b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados, e en tanto non se solicite a súa baixa, o día primeiro de cada ano natural.

Procederá a devolución das taxas que se esixisen, cando non se realice o seu feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo, a teor do artigo 12 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

Nos seguintes exercicios e nos prazos determinados anualmente pola Corporación, a Taxa liquidarase por medio do Padrón de cobramento periódico por recibo.

O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo cando se trate de inicio ou cese no aproveitamento especial do dominio público, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esta circunstancia, ratearase a cota por trimestres naturais calculándose as tarifas en proporción ao número de trimestres naturais nos que non se producise o aproveitamento mencionado.



Nos supostos de baixa por cesamento no aproveitamento, as tarifas ratearanse por trimestres naturais con exclusión do trimestre no que se produza o cesamento citado, podendo solicitar o reintegro da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se produciu aproveitamento ningún.

A teor do artigo 24.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que **hubiere** lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gasto de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

Non se poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado].

ARTIGO 9. Xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, e nas demais Leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licenza e realizar o correspondente depósito previo.

Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración a declaración de baixa polos interesados (a non presentación do a baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa).

ARTIGO 10. Recadación

Tratándose de supostos de concesións de novos aproveitamentos, aqueles comprendidos no artigo 8.a) da presente Ordenanza, a taxa será recadada mediante liquidación tributaria, debidamente notificada, e ingreso directo na Tesouraría Municipal polos termos e prazos establecidos polo artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

Para o resto dos supostos, o cobramento levará a efecto a través da correspondente lista **cobratoria**, a cál haberá de ser debidamente aprobada polo órgano municipal



competente previo trámite de información pública, mediante recibos de cobramento periódico e vencemento anual que haberán de ser satisfeitos no período de **cobranza** que o Concello determine.

ARTIGO 11. Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, e demais Lexislación aplicable, conforme a o que dispón o artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Para todo o non previsto na presente Ordenanza, será de aplicación o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria; a Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de **A Coruña** e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

PUNTO NÚM. 3.- ORDENANCIÓN E IMPOSICIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MÓVIL.

O Sr. Alcalde, di que é o mesmo, colocanse as antenas no Concello e efectivamente esas antenas tributan en todos os Concellos e loxicamente esas antenas son das grandes compañías de telefonía, de Movistar, de Vodafone, e demais, e en consecuencia pois efectivamente igual que fan outros Concellos pois queremos que esas grandes compañías emitan o espacio radioeléctrico o tamén tribute no Concello de Ares.

Dase conta do informe do Sr. Secreatrio do seguinte teor literal:

“INFORME DE SECRETARÍA



Asunto : Ordenación e imposición da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía mobil.

A teor do previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (T.R.L.R.F.L.) o acordo de ordenación e imposición, expoñeráse a información pública, polo prazo de trinta días, mediante anuncio exposto no taboleiro de anuncios da Corporación e, no Boletín Oficial da provincia, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación provisional, nos termos establecidos no artigo 17.3 do T.R.L.R.F.L., no suposto de non presentarse reclamacións, elevaráse a definitivo.

Ó abeiro do artigo 17.4 do citado texto legal, o acordo provisional elevado automaticamente a definitivo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 25) establece en relación ás taxas, que en xeral o importe das mesmas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do coste real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida, mentras que en relación cos prezos públicos (art. 44) establece que o importe dos mesmos deberá cubrir como mínimo o coste do servicio prestado ou da actividade realizada e cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se ha hubere.

Nos termos previstos no artigo 8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, as exencións, reducións ou bonificacións son materia de reserva de Lei.

Dito precepto anterior está recollido constitucionalmente no artigo 133.3 da Constitución española e desenrolado a nivel de Lei ordinaria na Lei Xeral Presupostaria.

Na esfera local, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que non podrán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados internacionais, aínda que non obstante, poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as Entidades Locais establezan nas Ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos por Lei.

Coa nova regulación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local que modifica a anterior regulación que esixía quórum para a aprobación dos tributos propios, agora non requiren quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación a “imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario”.



Nos termos do artigo 25 do T.R.L.R.F.L os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista dos informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do coste daqueles, respectivamente

ANTECEDENTES

Primeiro.- Hai que partir da consideración inicial do principio de reserva de Lei para a aprobación das taxas. Así o artigo 10 da Lei 8/1989, de Taxas e Prezos Públicos, dispón que :

«1. El establecimiento de las tasas, así como la regulación de los elementos esenciales de cada una de ellas, deberá realizarse con arreglo a Ley».

En iguais termos establece o artigo 8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, cando dispón que «se regularán en todo caso por Ley:

a) La delimitación del hecho imponible, del devengo, de la base imponible y liquidable, la fijación del tipo de gravamen y de los demás elementos directamente determinantes de la cuantía de la deuda tributaria...».

Doutra banda, o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais de 2004; sinala no artigo 20 que «1. Las Entidades Locales, en los términos previstos en esta Ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos».

Reitera pois o principio de reserva de Lei. No extensísimo contido do citado artigo, soamente hai dous supostos polos que se poidan esixir taxas:

- Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.
- Pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local.

É máis, querendo deixalo expresamente fora, o artigo 24 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, precisa, regulando a cuota tributaria das taxas no apartado 1.c) (referido ó aproveitamento especial do dominio público local) que non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

É claro que inicialmente no se día que non era competencia local a prestación de servizos de telefonía móbil. A xestión e control do espazo público radioeléctrico está atribuída á Administración Xeral do Estado. Neste senso, a Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, no Título V, artigo 43, sinala que «1. El espectro radioeléctrico es un bien de dominio público, cuya titularidad, gestión, planificación, administración y control corresponden al Estado. Dicha gestión se ejercerá de conformidad con lo dispuesto en este



Título y en los Tratados y Acuerdos Internacionales en los que España sea parte, atendiendo a la Normativa aplicable en la Unión Europea y a las resoluciones y recomendaciones de la Unión Internacional de Telecomunicaciones y de otros Organismos Internacionales».

A Lei 32/2003 sí que regula o establecemento de taxas, pero de titularidade estatal (artigos 49 e seguintes). Como exemplo, o Anexo I da Lei determina: «Tasas en materia de telecomunicaciones. 1. Tasa general de operadores. Sin perjuicio de la contribución económica que pueda imponerse a los operadores para la financiación del servicio universal, de acuerdo con lo establecido en el artículo 24 y en el Título III, todo operador estará obligado a satisfacer a la Administración General del Estado y sus Organismos Públicos una tasa anual que no podrá exceder el 2% de sus ingresos brutos de explotación y que estará destinada a sufragar los gastos que se generen, incluidos los de gestión, control y ejecución, por la aplicación del Régimen Jurídico establecido en esta Ley, por las Autoridades nacionales de reglamentación a que se refiere el artículo 26».

Abundando máis na materia, publicóuse o Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

Polo tanto e pese a que legalmente se podería haber previsto algunha compensación económica a favor dos Municipios, que deben soportar o impacto paisaxístico e degradación medioambiental conseguinte, inicialmente non se encontraba apoiatura legal algunha que permitira establecer unha taxa municipal que grave as instalacións de antenas de telefonía móbil.


Nembargantes a situación cambiou coa **Sentenza do Tribunal Supremo de 16 de febreiro de 2009 (rec. 5082/2005)** que desestimou o recurso de casación interposto contra **Sentenza do TSJ de Cataluña** por VODAFONE ESPAÑA contra a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do voo, solo e subsolo do dominio público municipal a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros no termo municipal de Badalona.

A discusión é a conformidade a dereito do feito imponible sobre a prestación de servizos de telefonía tendidas no dominio público local, tanto das tendidas polos operadores de servizos móbiles, como as liñas de telefonía fixa, ás que se accede en virtude dos dereitos de interconexión e acceso.

Outra cuestión que se somete ó criterio dos Tribunais é a contía da Taxa, a cal resulta de multiplicar tres parámetros diferentes :

- A) A tarifa básica por ano.
- B) O tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial e
- C) O coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo a súa cuota de mercado no municipio.

A empresa Vodafone S.A., argumentou cando recurriu a ordenanza reguladora da taxa e pedir a súa declaración de nulidade, a falta de xustificación da cuantía proposta e puxera de manifesto o valor de mercado da utilidade derivada da utilización privativa ou aproveitamento especial. A



xuizo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, o escueto informe cumpre coas previsións da normativa e xurisprudencia.

Outra das alegacións da empresa recorrente é a presumible invalidez da fórmula de cálculo da cuantía da taxa, por estar baseada en premisas carentes de xustificación en relación coa utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local municipal realizada por empresas operadoras de telefonía móbil. Entenden que se parte dun feito incerto como é o de que todos os operadores de telefonía móbil deben ocupar necesariamente a rede fixa de telefonía instalada no municipio, xa sexa propia ou de terceiros, sen aportar proba xustificativa algunha.

O Tribunal Superior de Xustiza ve doutro modo a cuestión. Dí que a empresa de telefonía non podería prestar o servizo a quen ven obrigada contando unicamente coa utilización das redes a que se contraen as licenzas de ocupación do dominio público. Ademáis de utilizar a rede fixa en relación cos metros efectivamente autorizados polas respectivas licenzas, llevan a cabo un aproveitamento do servizo por parte de aquelas, xa que, do contrario, unha importante porcentaxe de comunicacións sería irrealizable, ó non poderse verificar a conexión entre teléfonos móbiles e fixos.

Outra cuestión que alega a empresa recorrente é o sistema de cálculo empregado para determinar a taxa. Segundo o Tribunal, a fórmula utilizada para el cálculo da taxa para o servizos de telefonía móbil, parte da rede de telefonía útil para a telefonía móbil instalada no municipio, do valor de referenciado solo municipal, da delimitación individualizada de cada operador e a súa cuota de mercado no municipio, e resulta de multiplicar tres parámetros diferentes : o tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial e o coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo cuota de mercado no municipio.

Dí a Sentenza que o primeiro dos indicados módulos xira en torno á potencialidade de utilización do dominio público afectado en calquera momento, con independencia de que aquela chegue a producirse (STS de 18 de novembro de 2003), o que xustifica que sexa común ós distintos operadores; mentras que os segundos son específicos de cada un dos contribuintes como é o tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial, e o coeficiente específico atribuíble a cada suxeto pasivo segundo a súa cuota de mercado no municipio. Estes últimos contitúen, ademáis, parámetros indicadores da intensidade de uso de cada empresa que opera no sector da telefonía móbil, do que debe concluírse que o importe da taxa ven determinada neste caso mediante premisas que se axustan ós principios de igualdade e capacidade económica, así como á regulación que ha quedado exporta.

A Sentenza do Tribunal Supremo practicamente ratifica o fallado polo Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña. Un parágrafo fundamental da devandita Sentenza é :

A Ordenanza é necesariamente unha disposición xeral e abstracta que non pode conter unha regulación “intuitu personae”, senon que se limita a valorar tal utilidade en términos xerais para as empresas que prestan as distintas clases de servizos de subministro. Outra cousa ben distinta é que se teña en conta a intensidade no aproveitamento, para que a cuantía da taxa segundo contribuintes. Pero isto tamén o fai a Ordenanza impugnada, que para conseguir que a cuantía da taxa garde relación coa intensidade do aproveitamento introduce algúns factores de corrección como o número de usuarios.



Sinala o Tribunal tamén que a utilización de tódalas redes, propias ou alleas, tendidas no dominio público local supón para as empresas de telefonía móbil unha utilidade que debe tamén valorarse. En relación co anterior, lembra as Sentenzas de 10 e 18 de maio e 21 de novembro de 2005, que afirmaron a suxección á taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local das empresas comercializadoras de enerxía eléctrica, que empregan para a prestación dos seus servizos redes alleas.

En consecuencia pódese extraer tres conclusións desta importante Sentenza do Tribunal Supremo :

- A) É legal a imposición dunha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do voo e subsolo do dominio público municipal a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros.
- B) O feito impositivo o constitúe a prestación de servizos de telefonía móbil utilizando as redes de telefonía móbil tendidas no dominio público local, tanto das tendidas polos operarios de servizos móbiles, como as liñas de telefonía fixa, ás que se accede en virtude dos dereitos de mantemento e acceso.
- C) A cuantía da taxa resulta de multiplicar tres parámetros diferentes : a tarifa básica por ano, o tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial e o coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo a súa cuota de mercado no municipio.

Na súa virtude procede aproba-la devandita Ordenanza, non obstante o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 4 PP, 1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 2 abstención do Grupo Municipal do BNG, acorda:

- 1.- Aprobar Inicialmente a Ordenación e Imposición da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio publico local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil cuio texto integro figura como Anexo do presente acordo.
- 2.- De conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, expoñer o presente acordo a información pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio exposto no taboleiro de Edictos da Corporación, e no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.
- 3.- O presente acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo no suposto de non presentarse reclamacións.
- 4.- O abeiro do artigo 17.4 do citado texto legal, o acordo provisional elevado automaticamente a definitivo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MOBIL.

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 de la Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Ares establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da vía pública ou estean en relación cos mesmos.

Artigo 3. Responsábeis.

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións



Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 5. Base impoñible e cota tributaria

Para as empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil (tanto de prepago como de contrato), a cota tributaria é o resultado de multiplicar o número de abonados ou clientes da empresa que teñan o seu domicilio no termo municipal de Ares polo 1,5 por 100 dos ingresos medios de operacións de telefonía móbil en todo o Estado.

Os efectos do que dispón o párrafo anterior, son ingresos medios por operacións en todo o Estado os resultantes de dividir a cifra de ingresos por operacións en todo o Estado dos operadores de telefonía móbil, polo número de clientes (prepago e contrato) de telefonía móbil en todo o Estado, segundo os datos que ofrece para cada exercicio o Informe Anual da Comisión Do Mercado de Telecomunicacións.

E dicir, a fórmula de cálculo será a seguinte:

CT = Número de abonados empresa no concello x BI

BI = 1,5% x IMO

Sendo:

CT =Cota tributaria

Número de abonados empresa: número de clientes no termo municipal de Fene da empresa explotadora de servizos de telefonía móbil.

IMO = IOm/núm. Clientes móbiles

Sendo:

IMO: son os ingresos medios de operacións en todo o estado

IOm: son os ingresos totales por operacións dos operadores de telefonía móbil en todo o Estado

Núm. Clientes móbiles: son o número total de clientes (prepago e contrato) de ditos servizos de telefonía móbil en todo o Estado.

Artigo 7. Devengo e período impositivo.



A taxa devégase co inicio do uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local cando se comeza a actividade e o 1 de xaneiro en exercicios sucesivos, sendo o periodo impositivo da taxa o ano natural.

Artigo 8. Xestión.

1.-As empresas explotadoras dos servicios de telefonía móbil contribuíntes da taxa deberán de presentar no concello, antes do 30 de abril de cada ano, no modelo que se aprobe en desenrolo desta ordenanza, declaración-liquidación correspondente ó exercicio inmediatamente anterior.

2.-A cantidade a ingresar, de forma simultánea á presentación da declaración-liquidación por ditas empresas, será o resultado de minorar a cota tributaria no importe dos pagos a conta realizados polo contribuínte no exercicio a que se refira.

3.-No suposto de que os pagos a conta realizados excedan da contía da cota da taxa, o importe do exceso compensarase no primeiro pago a conta que corresponda efectuar trala presentación da declaración-liquidación.

4.-As empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil contribuíntes pola taxa deberán autoliquidar e ingresar no Concello, cada trimestre, nos modelos que se aproben en desenrolo desta ordenanza, en concepto de pago a conta da taxa, a cantidade que resulte de aplicar o tipo do 1,5% á cuarta parte dos ingresos medios por operacións no termo municipal, calculados segundo os datos do último informe anual publicado pola Comisión Del Mercado de las Telecomunicaciones.

5.-A autoliquidación e ingreso dos pagos a conta realizarase nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á finalización de cada trimestre.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010 permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.

CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolución adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, quen di que hai unha resolución, que xa veño advertindo en comisión e en plenos o do tema do persoal. Aquí ven unha resolución contratar tres meses a dúas persoas, creo que xa ven contrastada así, desa maneira eu creo que hai que abrir un período e máis na situación que está sufrindo a cidadanía que é o tema do paro e dar oportunidade a outras xentes de poder participar e poder desenrolar polo menos uns meses o traballo. Eu creo que sabemos o que hai, sabemos quenes son estas persoas.

O Sr. Alcalde resposta que hai baixas por enfermidade e hai que cubri-las, e as cubres co persoal que tes.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que hai mais xente.

Resposta o Sr. Alcalde, que evidentemente hai máis xente, pero ti tes un persoal formado que esta cumprindo e en función das baixas lles prorrogas. Efectivamente é unha decisión e nese sentido non se teñen porque compartir, pero faltan dous traballadores e se poñen outros dous, e si siguen faltando e cando os outros se reintegren, se teñen que ir e non ten máis explicación.

O Concello dase por enterado.

Punto núm. 5.- MOCION DO BNG.

SOBRE O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediáticos que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Caliza, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se vén sometidas as perseas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de perseas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.



Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do País, a chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galiza non fixo máis que agravar a situación. A súa galegofobia está a propiciar que, en contraposición coa extrema ineficacia e parouse no resto da acción de goberno, o goberno de Feijoo estea a actuar con obsesiva celeridade en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galiza, inspiradas no consenso que establece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo de Galescolas, e reduciu drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

Para o PP, o elemento central desta política de persecución contra o galego é a substitución do actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o Goberno da Xunta de Galiza o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto do plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo, o que hai é un avance claro cara ao monolingüismo en castelán. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70 - 30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o PP reduce os orzamentos para o ensino público.



As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüística (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos.

É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordado e consenso. A Xunta fai deixación das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudantado e as familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.

As bases para a elaboración do novo decreto preséntense baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán, e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.

En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galicia que maltrata e despreza a lingua propia do noso País.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación de Ares a adopción dos seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a

- 1. Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.**
- 2. Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordado co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.**
- 3. Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares."**



Interven o Portavoz do Grupo Municipal do BNG Sr. Rodríguez Doval: Bueno, como dou por feito que as compañeiras e compañeiros de corporación coñecen o contido da moción vou a tratar de argumentar algunha das razóns polas que traemos este tema-debate , e polas que entendemos que estamos diante dun tema de importancia. O galego é un valor fundamental do noso pobo e hai que promocionar porque non está nas mesmas condicións sociais que o castelán e o inglés. As linguas só se aprenden si se exercitan e só se terá liberdade para escoller unha si se saben e se coñecen. Isto non é unha justificación do BNG para defender de contido desta moción , que o portavoz dos Colexios Eclesiásticos galegos, entidade que agrupa a 124 colexios, 4.000 docentes e 60.000 alumnos. Na mesma declaración o portavoz dos Colexios Católicos de Galicia dice que lle resulta incoherente que se imparta unha materia nunha lingua e que logo podan expresarse noutra e finalmente, remata afirmando o respecto que a famosa idea de que sexan os pais os que tomen a elección. Dice que esta patronal de 2 se decidan a expensas do que digan os pais é mais pedagoxico que a Administración marque a de cada materia. Non quero enredar que se poden alcumar, o que se poden pretender mais de sentido político, porque poderíamos facelo tamén, creo que hai agora mesmo razóns dabondo primeiro de tipo pedagóxico. Lingüístico, por suposto, tamén de carácter xurídico, que efectivamente, nos levan a pensar de que o paso que se está dando por esta Administración, no solamente resulta, desde o punto de vista xurídico cuestionable, nos pensamos que a todas luces si non que desde o punto de vista pedagóxico e desde o punto de vista dos seus resultados, podría resultar realmente alucinante si ven proposto de un Goberno que ten dentro das suas competencias máximas asumido , porque así o dice a Constitución e o Estatuto de Autonomía a defensa e a potenciación dos idiomas son oficiais dentro do seu territorio. Polo tanto un goberno non pode, baxo o noso xuízo e baixo o xuízo de calquera persona, con un mínimo de raciocinio, modificar unha norma de rango superior, en función dos compromisos electorais. Calquera goberno que haxa ao respecto do tema da lingua, ao respecto do tema da industria, ao respecto do tema do medio ambiente, ten neste momento un encaixe que se debe de acotar naturalmente, aínda que no se coincida, porque as constitucións naturalmente están para cambialas, pero mentres están ahí, hai que cumprilas. Polo tanto este Goberno galego ten que actuar en función de dous parámetros claros no respecto do tema da lingua. Un deles a Constitución e o outro deles en función do Estatuto de Autonomía, pero a maiores de todo eso, hai tamén, outro repertorio de condicionantes de tipo legal sobre o que habería que actuar , a Carta Europea das Linguas Rexionais Minoritarias, que foi asinada cando era Presidentado Goberno do Estado D.Xose María Aznar e o Plan Xeral de Normalización Lingüística, que como é sabido, foi aprobado por unanimidade de todos os grupos políticos presentes no Parlamento Galego e foi o plan polo que ademais estivo rexindose a política lingüística dos 16 anos anteriores do goberno do Partido Popular. Polo tanto desde o punto de vista xurídico é evidente que non se pode alegar aquí razóns de compromisos electorais, se non que o que hai que facer é observar se os cambios que se están facendo se adatan ou non, digamos, a ese repertorio legal que temos e eu creo, teño aquí diante de min dous informes xurídicos que falan ao respecto de esto, naturalmente con toda claridade



dicindo que a resposta que se está facendo por parte de Goberno galego, desde o punto de vista legal deixa moitísimo que desexar.

O tema das linguas extranxeiras, o tema do inglés, descubrimos agora que efectivamente ten moitísima importancia falar inglés, e que eu saiba o igual que esta materia o igual que outros idiomas xa está incluída no repertorio dos estudos dende hai bastante tempo, e en todo caso, o que non se pode chegar a comparar unha lingua extranxeira que neste caso podería ser o inglés, sería moi discutible, eu nestos días escoitei de todo, xente que fala do chinés como o idioma do futuro, e os que van a Alemaña pensan que a única forma de salvarse é falando alemán, que o inglés non lle resolve gran cousa. Pero o inglés a lingua do futuro a lingua para entendermos é evidente que a consideración deste idioma dentro dun repertorio do que son linguas oficiais nua comunidade, neste caso na comunidade Galega, é un absoluto despropósito. Porque cando se fala de plurilingüismo, non pode facerse é a observancia dunhas normas que se pretende facer para dúas linguas que están declaradas pola Constitución e o Estatuto de Autonomía como oficiais que son o galego e máis o castelán e introducir unha nova lingua con ese mesmo rango porque todo o mundo sabe que eso non ten nin pés nin cabeza. Outra cousa é que o actual Goberno queira potenciar o ensino de linguas extranxeiras e en concreto o tema do inglés. Pode ser dicutible, aínda que a min me xurden moitísimas preguntas, por exemplo, como é que este ano se reduciu practicamente nun 20% os ingresos que había, perdón as aportacións as achegas que hai da propia Administración galega nas Escolas Oficiais de Idiomas e por certo, que estamos en folga dende hai practicamente catro meses, por exemplo a de Ferrol que a coñece dende unha maneira directa, por xente que está dando alí as clases e xente que está alí recibindo as clases, por tanto eso non se sustenta. E despois entramos, no que parece ser, se nos guiamos polos medios de comunicación, pois o gran último problema, que é o de o tema de elección da lingua por parte dos pais. Hai sentencias do tribunal constitucional, unha delas moi recente do 21 de outubro do ano 2009 que se deu a coñecer me parece que no mes de decembro do pasado ano, e que vou a leer, só un paxase, non toda a sentenza.

Si se reconociera (vouno ler como está en español para que vexan que os que falamos galego tamén sabemos falar noutros idiomas) *Si se reconociera toda persona dependiente de la elección de un Estado, si se basara su derecho en el poder de elección conduciría a resultados absurdos, ya que todos así podrían reivindicar una instrucción impartida en cualquier lengua, en cualquiera de los territorios, además que la discriminación se produciría en el caso de que la Administración autorizase lo pretendido por el recurrente en el sentido de permitir que a criterio del peticionario se pudiese cursar un determinado tipo de estudio con olvido-marginación de una de las lenguas recurrentes* Todo isto ven o fio dunha reclamación que fixo un pai ou unha nai, me parece que foi no Concello de Vigo no sentido de pedir que él ou ela, non sei se era pai ou nai, tiveran dereita de elección da lingua que tiña que estudar o seu fillo, ou a súa filla, non sei si era un rapaz ou unha rapaza. Polo tanto, dende o punto de vista legal, xa non digo dende o punto de vista pedagóxico, porque eu creo que a estas alturas pensar que



nos podemos andar con a cantinela de que os pais poidan ser os que decidan sobre as materias e o curriculum dos colexios, eu creo que estamos fora do século XXI ou estamos fora de realidade, ou estamos fora do que ten avanzado , afortunadamente para nos, os sistemas pedagóxicos ao longo dos séculos onde non depende afortunadamente, dos pais, empezando por min, as ensinanzas que se van a dar aos fillos e as fillas , senon que depende de un currículo que se fai nos centros, que está validado polas administracións, e quero dicir que temos un ensino que é laico e temos un ensino que é universal no noso país. Polo tanto depende da Administración, xa sería tremendo ,e eu non vou chegar como chegou o outro día unha nai decía : os pais e as nais no colexio a 20 km de distancia, e caladiños. E se refería a este tema, non se refería a súa preocupación , que si que debe de existir, e hai instrumentos para a participación, para canalizar a participación , pero evidentemente, non se refiren as materias curriculares, porque xa me vexo eu dicindo si a historia de España que lle ensinaron a miña filla, ou as matemáticas que lle ensinan, ou a educación do medio me vale ou non me vale ou quero elixir outra donde se lle digan outras cousas.

Remato, creo que con estes tres razonamentos dende o punto de vista xurídico, dende o punto de vista pedagóxico, e tamén dende o punto de vista lingüístico, e evidente que o Goberno Galego está chamado a reconducir a súa primeira decisión, no sentido de cambiar o marco no que se viña actuando. Non falei dende o punto de vista da organización política que represento, é evidente que nos temos un concepto ao respecto do tema da lingua, e sen embargo a proposta que facemos e nos parecen que se fixo aínda pouco na defensa do idioma, pero tamén somos sabedores de que o consenso en determinadas materias é fundamental. E o señor Nuñez Feijoo decía cando tomaba posesión, perdón, cando tomaba posesión non, antes de tomar posesión, aínda non sabía que iba a gañar as eleccións, o teño aquí xoves 28 de xaneiro de 2010, e xa o tiña moi claro. Feijoo derogará el decreto de la lengua si llega a la Xunta, tiña compromiso, pero despois decía que unha vez que derogara o decreto recuperaríase un consenso con todas as forzas políticas. A min o que me extraña é que todas as forzas políticas, por certo, as que están no Parlamento Galego e as que non están no Parlamento Galego, lle estén dicindo o señor Feijoo que reconduza esa decisión primaria, que non faga da lingua un problema e non complique a situación que xa se está dando neste país por outro tipo de cuestións e que polo tanto volvamos o consenso da lei de normalización e das normas, as cales por certo, moitos fixemos grandes concesións para que foran consensuadas. Todo o mundo sabe que cando se aprobou o plan xeral de normalización ou Lei de Normalización Lingüística había posicións moi encontradas, moi distantes, moi opostas entre as forzas políticas que estábamos presentes no Parlamento Galego, e sen embargo se fixo un exercicio de sentido común para procurar que en 16 anos o tema da lingua quitando as diferentes interpretacións, non fora, como está sendo agora, materia de división social. Creo que lle corresponde precisamente a quen deu ese paso negativo, a quen deu ese paso equivocado reconducilo e non quero falar xa do clamor popular que se está producindo. Eu como membro de esta corporación, non como pai ou como membro de Comunidade Galega, como cidadán, como membro desta corporación, tamén quero que o Goberno Galego volva o consenso tamén



quero que se siga propiciando o galego porque se hai algunha lingua que necesita apoio, se hai algunha lingua que necesita protección é o galego. Eu non vin ao Partido Popular, nunca durante 16 anos, na Xunta de Galicia facer campañas en defensa do español, o castelán. Polo tanto, iso sería síntoma de que ese problema non existía, hai que protexer a lingua que o necesita, para iso ten que haber políticas compensatorias como facemos as políticas compensatorias, cando a tendemos a xente en Benestar, cando axudamos máis aos que máis o necesitan. A lingua tamén é un ben, un ben histórico, un ben inmaterial, pero tamén un ben material porque se perdemos a lingua, tamén perderemos unha parte de nos, independentemente das ideoloxías e dos criterios políticos que temos. A lingua lle importa tanto ao Partido Popular, como ao BNG, como ao PSOE, como aos partidos que non teñen representación, a calqueira cidadán e hai que cumprila lei, eu penso que a min personalmente xa me pon os pelos un pouco de punta ver como en nome dun compromiso electoral nos cargamos a Constitución e nos cargamos ao Estatuto de Autonomía.

Toma a palabra o Portavoz de NAL O Sr. Luis Cendán Fernández: Bueno eu por fixar un pouco o posicionamento de voto quero intervir e ademais respostar algúns matices nos que eu considero que non estou de acordo, entre eles dicir, facer unha pequena introducción, que nos estamos xogando coa educación dos nosos fillos e o futuro, polo tanto o futuro que vai a deparar a situación dos mesmos. Polo tanto creo que estamos diante do maior ou un dos maiores temas importantes, porque estamos falando da educación, da educación dos nosos fillos, por tanco creo que este non é un tema menor, e polo tanto creo que esto se debería de facer a través dun consenso maioritario. Estou de acordo co portavoz proponente da moción que esto debería ser así como foi o Plan Xeral de normalización da Lingua Galega e me gustaría tamén facer, tamen aclarar este tema e dicir, que si ben é certo, que o Plan de Normalización da Lingua Galega se aprobou por unanimidade no 2004, non é certo ou menos certo, que o decreto en cuestión que é o fondo de todo o tema que é o Decreto 127/2007 de 28 de xuño aprobouse pola Xunta de Galicia bipartita sin consenso, as cousas hai que chamarlles como son e isto é a polémica ou o orixe de toda a controversia que se deu na cidadanía e que se esta dando, obivar dicirque non hay este debate na rua é parece ser dicir que non existimos, ese é un debate que esta na rúa, debete por certo sobretudo onte mesmo nos faciamos eco que a Comunidade Autonoma de Cataluña acaba de imponer outra multa a un negocio pequeno, xa non sei cantas multas van, e parece que van a sair a rúa en manifestación e ademais eso si que atenta completamente á Constitución, eu creo que este tipo de debates hai que tratar de solventalos non se poden producir e menos tratar de imponer un idioma e repercutir xa digo na ensinanza e no futuro dos nosos fillos, polo tanto estamos falando dun tema moi importante ou dos máis importantes, con o que eu creo que chamar o consenso das forzas políticas quu é neste caso o que se esta facendo polo presidente da Xunta, derogar ou facer unha proposta pública e chamar a todas as forzas políticas representadas no parlamento e fora do parlamento para tratar de solventar un problema definitivamente e non andar como bendicias, hoxe me toca gobernar a mín anulo completamente este decreto e impoño outro tipo de decretos. Eu creo que o tema da educación é un tema que hai que pactar e polo menos que



teña unha duración mínima de 10 ou 15 anos porque senon así nos vai e os datos son inخورables porque os datos da educación en España en todas as enquisas que veñen publicadas estamos ó pelotón. Entonces nese senso temos que traballar todos e eu creo que debe ir por ahí. En canto á imposición creo que non é unha boa maneira de imponer un tipo de decreto e sobetodo cando non se ten unha ampla maioría, con o que obviar que non hai esa discrepancia no profesorado nos país de alumnos na mesma Consellería eu creo que non é así e que eso ademáis hai que solvéntalo dunha vez por todas. Que lembrar se me ven á cabeza a última lei de calidade da ensinanza que había aprobado o goberno de Aznar das primeiras actuacións que fixo o goberno de Rodríguez Zapatero foi tumbar precisamente esa Lei, precisamene foi tirar a lei de calidade da ensinanza, e eu creo que este tipo de actuacións van máis aló das ideoloxías políticas, eu creo que isto habería que poñelo ao marxe, pactalo dunha vez entre todos e que polo menos tivera un futuro, xa digo a medio plazo de 10 o 15 anos porque estamos ante un tema importante, **co que independentemente** do decreto ou a proposta que faga o presidente da Xunta que eu non sei si nestes intres será a máis acertada ou menos acertada ven respaldada por unha proposta electoral eso sen dúbida algunha, está respaldada, ten lexitimidade e o que debe facer penso que é o que pretende facer e se non estaremos errados todos, á ampliar iso a tódala sociedade galega e buscar un consenso amplo e que teña futuro, eso é o que eu creo que se debe de facer ademais e a gran maioría porque ademáis as enquisas que veñen publicadas eu collín unha enquisa que non é sospeitosa que ven publicada por sondaxe todos máis o menos coñecemos esta empresa publicada pola Voz de Galicia e dí que 48 aplauden a derogación do Decreto sobre o galego e o 37,4 a critican. Se imos ás cidades onde faise a enquisa imos xa mesmo a porcentaxes do 70% sesenta e pico por cento, polo tanto dicir o obviar que ese debate non esta na rúa eu creo que o que está deslexitimado non é así a realidade, polo tanto eu pediría ao propoñente da moción que solicitara a tódalas forzas políticas representadas no parlamento e non representadas de tratar de chegar a un consenso entre todos, esa é a proposta que eu fago que lanzo dende aquí e pola contra o meu voto é contrario á proposta que se trae na moción.

Interven o Sr. Portavo do Grupo Municipal do PP, Sr. Manuel Cendán Fernández: Bueno eu creo que esto xa o debatimos a outra vez nun pleno quero recordar que isto non veu non apareceu así por aparecer, que aquí rompeuse un consenso que viña funcionando nos últimos 25 anos dende o ano 83 que había un consenso de tódalas forzas políticas e da normalización lingüística, un consenso que viña durando dende o ano 83 e que se rompeu có decreto do 124/2007 de xuño que tivo que pasar polo aro o señor Touriño o dixo na recta final da súa lexislatura que dixo que él non ía pasar polo aro do Decreto do Galego e que rompeu o pacto que viña funcionando en Galicia foi este decreto do 28 de xuño de 2007, nós queremos dicir e facer fincapé tamén que foi aprobado este decreto có informe desfavorable do consello consultivo que se aprobou e que nós temos que respaldar tamén que había unha demanda social e así foi, unha demanda e unha proposta electoral que nós fixemos de que iso o íamos revisar e derogar e que si é certo o flo das eleccións do día 2 de marzo o día 3 de marzo as eleccións foron o día 1, o día 2 de marzo todavía non tomara o Presidente da Xunta nin o acta



de deputado o BNG se estaba nas sedes do PP manifestándose contra o tema a favor do galego e que non se derogara o decreto, eso foi así antes de tomar posesión coma deputado xa o BNG estaba nas sedes do PP manifestándose, xa ao outro día das eleccións autonómicas, eu creo que isto está claro que a xente dende o Partido Popular e falaba do artigo do tema do castelán e do galego que estaba parado pola Constitución e eu creo que está claro, están amparados no Estatuto de Galicia e na Constitución, artigos 3.1 e 3.2 como Estatuto de Autonomía

O dereito dos galegos e das galegas de coñecer e usa-los dos idiomas e o que se pretende pola Xunta é a utilización dos dos idiomas ao 50% e que un neno galego saiba cando saia do ensino saiba dominar os dos idiomas o galego e o castelán, exactamente igual, que domine os dos exactamente. E por certo, como se está nun mundo de globalización e o que queremos é ir implantando o trilingüismo, quere dicir que un neno, non que o saiba ao 100%, pero que teña un grande coñecemento do inglés. De momento en Europa e non mundo globalizado o que impera é o inglés e despois o castelán, eu creo que un neno galego sabendo castelán e o inglés e o galego vai preparado e pode competir en calqueira parte do mundo e que iso nos ten que levar a todos a levalo a efecto, e quero dicir, que en contrariedade có que vostedes fixeron en aplicación ao decreto, nos non nos opuxemos, presentamos unha alternativa e estamos consultando con tódalas forzas políticas. A semana pasada falamos có voceiro do BNG e máis do PSG, falamos con máis xente e fixemos unha enquisa aos pais e ás nais dos nenos, non quere dicir que iso sexa o que marque ás pautas, pero si hai que escoitalos, aos pais e ás nais, aínda que non tomen a decisión de decidir o idioma porque para iso están ás responsabilidades das administracións, pero si os políticos e os que teñen a responsabilidade política teñen que escoitar, e teñen que escoitar tanto aos pais e ás nais, aos grupos de oposición e como a cidadanía civil. Iso é, chegar a un acordo total, e iso é o que vai facer o Goberno Galego. O Goberno Galego o vai quitar, é unha decisión política que se vai tomar, e vai sair co máis amplo consenso que se poida levar a cabo. Non imos entrar en disputas políticas do idioma, iso é un debate que non debería existir. O que está claro que nos imos seguir con iso e que imos negociar con todo o mundo, Coa cidadanía civil que é o máis importante, xa temos os informes, e sabemos a situación de BNG que vai marcando un pouco ao Partido Socialista, pero o Partido Socialista estase a desmarcar a última hora, porque quere chegar a un acordo, porque entende que a gran maioría da cidadanía queren que os dos idiomas sexan compatibles, que sexan utilizados por todos os nenos, nenas da comunidade e que iso nos vai a levar a entrar nunha sensatez e que iso é o que queremos todos. Polo que nos se fala dotra cosa, nos, e así o levamos un programa electoral que imos defender e ascender o galego, iso o temos claro imos a seguir facendo pero dicir que o consenso que se estaba a dar dende o ano 83 o rompeu o Goberno Galego có decreto 124/2007 de 28 de xuño. Iso está claro que nos non imos pasar por ese decreto, que nós imos a chegar ao consenso que poidamos facer pero está claro que o tema dá educación e do idioma en Galicia o imos a deixar zanzado. O que queremos é que impere, que siga, xa non nunha década, nin dos, nin tres, creo que o temos todos claro que mentres esteamos e recoñezamos que somos un CCAA, que estamos nun país que se chama España, que temos dúas linguas cooficiais que son o castelán e o galego, que temos que levar o



castelán e o galego e que non podemos imperar que un neno galego saia cun idioma, senon que debemos traballar todos porque os nenos na escola en Galicia, saian con tres idiomas, creo que iso para ser máis competitivos, despois do fracaso e dá incompetencia que teñen os nenos co tema do fracaso escolar é unha responsabilidade de todos de que temos que actuar. E por iso imos seguir apostándonos e dando o apoio a Xunta para que chegue a un consenso coa cidadanía e cós grupos políticos para levar a efecto o que nos pretendemos, e así a di a Constitución e o Estatuto de Galicia que son a dúas linguas oficiais é que son ás dúas linguas iguais. E iso imos levar ao efecto.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente: O exercicio do dereito de autodeterminación mentres non haxa esa maioría non hai democracia que unha nación se nutre doutra é un feito de política maioritaria a través do uso da violencia, porque mentres non hai un acordo maioritario se está a prexudicar. Pero que un pobo tome conciencia dos seus feitos diferenciais como nación e que pacificamente decide vivir en sociedade con outros pobos, tomando o non conciencia deses feitos diferenciais, con outras nacións como o Estado Español que é unha realidade nacional, é definitivamente absurda. O español que non existe porque é o castelán, porque o galego está en español, o catalán e o vasco porque é unha decisión democrática neste estado plurinacional. O castelán falámolo tódolos galegos, tódolos galegos falamos o castelán, o que non falamos tódolos galegos é o galego e o que se intenta equiparar é o uso do galego ao uso do castelán, non hai que protexer o castelán, Manuel. O que pasa que cando se fala da cuestión lingüística, unha cuestión elecotral para rabuñar un puñado de votos rompen os consensos e a Lei de Normalización e chéganse a estes problemas. En consecuencia, é evidete que ao castelán non hai que protexelo, porque tódolos nosos fillos o saben falar, o problema é que non falamos e menos nosos fillos o galego, por iso hai que equiparalo e o do inglés é vergonzoso, é vergonzoso que un pobo equipare unha lingua estranxeira á súa, iso é unha vergoña. E a papeleta onde se meteu o Partido Popular espero que lle rebente, e desexo que o meu partido non consensúe o tema da lingua, có señor Nuñez Feijoo porque o seu comportamento como compatriota é vergonzoso. E boto de menos no Partido Popular xente como Baltar, xente como o propio Cuiña que polo menos non eran traidores á súa terra. É unha vergoña o que esta pasando, eses que tanto defenden o castelán e que tanto defenden o monolingüismo castelán que os votaron espero que sentan decepcionados porque o seu Presidente está reculando. Nuñez Feijoo está reculando, está a pedir un consenso que no seu momento negou, por iso a proposta do BNG vai contar có voto a favor do grupo socialista neste Concello.

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Volvendo ao tema da lingua que vaia se é un tema importante. A Lei de Normalización Lingüística foi o lugar, a mesa de referencia de encontro das organizacións políticas, e eu diría do conxunto dá sociedade, porque ahí chegamos tamén, porque participaron xentes que naturalmente máis que nos, mais ca min, poden aplicar informacións e teorías e solucións a un tema ta importante como é o tema das normalización das linguas. É un tema complexo, indubidablemente, nós sabémolo polo noso



caso pero **hai outras** zonas do mundo onde se arrastra o **mesmo** problema e cada vez que desaparece un idioma, **desaperece tamen unha** parte do mundo. **Eu** me **sinto cidadán** europeo, **ciudadán** mundial **dende hai moitísimo tempo**, **eu** nunca **tiven** problema, son nacionalista **dende** que **teño** uso de razón e son nacionalista precisamente, porque me gusta o resto do mundo, porque me gusta ver que **hai pobos** diferentes e porque me gusta ver que **hai linguas** neste caso diferentes. Creo que a gran riqueza do que **se chama** globalización, que **é unha** palabra a que **lle** escapo, **eu** creo **nun** mundo posible, **noutro** mundo transformado onde todos e todas poidamos vivir, seres humanos, **linguas** culturas, etc. Porque iso **é** a gran riqueza, **mentres teñamos** iso **habera** un mundo plural, **cando** non **teñamos** iso **teremos** un ordenador e **eu** non aspiro a que o mundo **sexa**, **loxicamente**, un ordenador. O centro de referencia e **o centro** de **gravidade** foi a **Lei de Normalización** lingüística e o Plan de Normalización Lingüística pero **fíxose** alusión aquí **ao** decreto 2007 e **díxose** que o Consello Consultivo presentara un escrito **dicindo** que **non** se adaptaba, o Consello Consultivo que **é** un Consello Consultivo. O que **non** se di e que **despois houbo unha** sentenza do **Tribunal Superior de Galicia** que dicía todo o contrario, **lease ben** iso, **lease ben** toda a información e así **saberemos** onde nos situamos, en concreto, **sentenza** 1084 do ano 2007 onde di que avala que a **lingua galega** pode servir de vehiculo de comunicación e que o **galego** ten que ser **na ensinanza** o centro de **gravidade** do modelo de **bilinguismo**. Cada un sabe a **súa** historia, **eu** **tamén** aspiro a que ás **nenas** e **nenos saian competetes**, **primeiro** non que **é** obrigatorio, **mentres** **sexa** obrigatorio iso. **Cando** decidamos que **tamén** que o inglés **é** un idioma oficial en **Galicia** **teremos** tres **linguas**, pero **mentres** tanto, aquí a **equiparación** do inglés, do sueco **ou** do que **se queira** a **calquera** lingua que está **na Constitución** e non Estatuto de Autonomía definida como oficial, naturalmente se trata **dun** despropósito, a min a **me** **acurde** pensar que asesores tivo **quen** **fixo** ese **dereito**. Como **é** posible que un **goberno**, porque **eu** me pode meter como **ciudadán**, **o** mesmo como organización política, meter a gamba e **facen** un **desideratum** **dicindo** que **eu quero non sei** que, pero iso **non é** legal e **é** igual, **eu** o **defendo**, creo que un **goberno** ten **outros** parámetros nos que moverse, e claro, efectivamente, coincido co que remata de **dicir** o señor Alcalde que creo que isto nos está a situar **nun** problema **moi** grave que nunca **se deu**. Porque o problema que **temos** **é** precisamente **outro**, que **despois** de 16 anos de estar en vigor ese Plan de Normalización Lingüística **non** conseguimos que ás **nosas** **nenas** e os nosos **nenos** **sexan** competentes **nos** **dos** idiomas e **vou** **dicir** **mais**, ás veces que non **sexan** competentes en ningún. Cada un sabe a **sua** historia, **eu** a **miña** filla **eduqueina** na casa ata **os** tres anos, **miña** filla **falaba** en **galego**, **contos** ese caso como a **poderían** contar **outros**, **vo** **dicir** cal **é** o **meu**. **Miña** filla **non fala** **galego** agora, nin 50% nin 20%, e sabe **falalo**, entón a **miña** pregunta **é** que **é** o que **fallou** no sistema para que iso **fora** así e **non foi** problema precisamente de imposición. Todo o contrario, **foi** problema que o sistema **pedagóxico** **fallou**, seguramente porque a **lei** que **fixemos** **é** **moi** boa pero iso **non** estase **desenvolvendo** en **condicións**. A pesar de todos iso, a **nós** válenos ese instrumento e válenos o consenso, pero indubidablemente, **temos** que nos preguntar porque **non** estamos **saindo** capacitados ás **nenas** e **nenos** **neses** **dous** idiomas nos que **teñen** que **sair** capacitados. Iso en **primeiro** lugar.



En segundo lugar, a min que se me diga aquí, se nos **pedemos** sentir tranquilos **cando na nosa** vida real vemos cal **é** a utilización **do noso** idioma, porque a pregunta que nos **temos** que **facen** **é** que se está **facendo** mal **o** que **non** se está **facendo ben**, para que **despois** de tanto **tempo**, **non** so o nivel de competencia **non só** **dás** **nenas** e **nenos na educación**, **se non** de todo o que **é** a **nosa** vida, da rotulación, **do emprego** nos medios de comunicación. E que **eu** me podo sentir tranquilo **cando** miramos **os** periódicos que **temos** aquí e **teñen** o 10% de utilización **do** idioma **galego**, a pesar de recibir cuantiosas **subvencións**, **entón** estamos **nunha** situación **despropositada**. Onde teoricamente contentámonos con **ás** **leis** que existen e tal, como o teu pódelo falar, sen non **se trata** diso, trátase dun sistema de protección, naturalmente, se **é** que seguimos a **Lei de Normalización Lingüística**, e o **sistema** de protección e **hai** que **dicilo** con toda **claridade**, implica **mais achegas** cara a **lingua** que ten o problema. Un enfermo, canto **maior** **sexa**, necesita **maior** atención. **É unha** parábola que me **arrepinto** de **decila**, pero en todo caso **é** así. Porque o idioma **galego non** está enfermo, está necesitado de **apoios reais** e de **falantes**, e naturalmente vos instrumentos que **a** **teñen** que **facen**, eran para que **se fale**, e aí se que **sairemos unha sociedade** efectivamente competente para que **se faga** así. **Levamos** 16 anos e **iso non aconteceu**, claro que **eu fago** a **chamada** de **volta ao** consenso, a proposta que traemos **nós** aquí. O decreto, **non lei**, está validado por **unha** sentenza posterior, **non quero** meterme aquí **na** utilización política que **se fai**, pero a min a **verdade é** que me cae a cara de **vergoña** **cando ao** día **seguinte** dá manifestación **vin** colgado **na páxina web** do Partido Popular **unha** nota de prensa que **eu** creo que **habería** que denunciar **ao** Partido Popular por **ter durante** 48 horas **unha bandeira** española **ardendo**. O Partido Popular preocupado, verdade **señor**,....., **Spain is not broken**, España non rompe, e **non** pasa nada. Pero **eu** creo que para **darlle** caña o **PSOE** que **foi** a manifestación **do outro** día que **vostedes** **teñan unha bandeira** española **ardendo** colgada **na súa páxina web**, durante 48 horas. E que **eu** como **ciudadán estiven** a punto de **coller** e **chamar** o **xulgado** para **denuncialo**. **É certo** que **despois** algún dos **seus** **compañeiros**, e **non calquera**, di perlas tan curiosas coma esta: vicevoceiro parlamentario de **PP Pedro Pui** advertiu onte que da queima dunha bandeira española non debería de tapar que foi unha marcha pacífica. Pui dixo non compartir estas **actitudes** pero e a súa opinión personal. (Persoal **non é**, que **é** vicevoceiro parlamentario, persoal, como **eu non** son persoal **tampoco**) a súa opinión persoal de que queimar bandeiras **é** unha forma de liberdade de expresión como establece o Tribunal Supremos dos Estados Unidos, **amém**. Alucino por cores, **lin** iso **despois** de ler a nota que quitaron **vostedes**, **onde poco mais** que **lle pedían ao Secretario Xeral do PSOE** e **aos seus** militantes cadea perpetua, case, case **acusandolles** a **eles** de **queimar** a **bandeira** española. Gustaríame a min saber quen a **queimou**.

En todo caso, **eu non** quería **levar** este tema o debate político, porque **é** un debate **político non** e un debate partidario, creo que **non** interésa, creo que estamos **diante dun** grave problema e **eu** que **non** son partidario que **ás** **administracións** que **teñen** legalmente, **competencialmente**, **unha** definición **do** que **teñen** que **facen** **é** que se dediquen a **outras** cosas. O **dixen** aquí non **primeiro** punto a debate **neste Pleno** e o sigo **dicindo** aquí. **É** un paso atrás, **é unha** afronta para todo o que **se** leva **facendo**, sobre todo para o que **fixo** o Partido Popular en 16 anos, durante



16 anos, eu teño entrevistas co señor Celso Currás, conselleiro de Educación. Con Manuel Regueiro exdirector Xeral de Política Lingüística. Léanse vostedes iso, e non se fixo por parte do Goberno biipartito, eu podo criticar incluso que se fixera pouco, pero non se fixo nada que non estivera dacordo co que estaba aprobado e consensuado, o que pasa e que ás veces o que interesa e repañar votos e crear problemas onde non existen, o de levar situacións, eu non quero dicir que son traumáticos, pero si que son perigosas porque hoxe o tema do galego converteuse nun problema de carácter político partidario, porque vostedes fixeron o que non tiñan que haber feito, que é fiarse de Gloria Lago, de Galicia bilingüe, e pensar que aí lles ían vir 200 o 300 mil votos mais e, efectivamente, eu creo que ao final non se viñeron. Ademais, eu creo que o grave de todo iso é unha cousa, é facer entrar no debate, e non estar atentos Coa antenna posta a parte dá sociedade que non está vinculada politicamente. O outro día nun debate, escoitaba ao representante de Partido Popular, que estaba con outros dous, cun escritorio e falaban do informe da Real Academia Galega. O informe da Real Academia Galega, organismo co que eu son moi crítico dende hai moísimos anos, o representante do Partido Popular dixo: si, pero iso xa sabemos de que son. Son, nada máis e nada menos, que membros numerarios académicos, académicos dá única academia galega, igual que vos dá Real Academia Española son dá española, entón creo que chegamos a un punto de locura colectiva que non vai contrubuir en nada ao consenso que filosoficamente eu comparto, tranquilidade, e métodos para que poidamos ser competentes. Súmome a iso, naturalmente, para ser competentes nas dúas linguas, para iso hai que o retomar consenso político coa Lei de Normalización Lingüística tal e como nos propoñemos na nosa moción e que fago a enésima procura para que vostedes voten a favor.

O Sr. Alcalde manifesta manifesta que abre unha segunda ronda de intervencións, e preguntalle o Portavoz de Nal se quere intervir.

O Portavoz de NAL Sr. Luis Cendán manifesta que non, eu non teño nada que intervir, simplemente eu fixen unha proposta aquí de incluír no punto da moción de que se faga un chamamento ao consenso de todas as forzas sociais e políticas con representación no Parlamento e punto, e se iso se vota eu vo votar favorable. A moción como vén vo votar que non ,e simplemente iso.

O Sr. Alcalde di que no punto tres do acordo di: chamar ao consenso político-social que establece o normativo da Lei de Normalización Lingüística.

O Sr. Luis Cendán di: E no decreto 124, hai que quitar no decreto 124 que non hobo consenso.

O Sr. Rodríguez Doval di que está validado por unha sentenza dun tribunal.

O Sr. Luis Cendán manifesta: que é igual, agora o que se procura é facer un borrador dun decreto novo que satisfaga a todo o mundo, pois que se redacte ese decreto e se exclúa este.



Eu esto de acordo tal **cual**, agora quitar o 124 que non ten consenso e eu o que pido é un consenso, que se poñan de acordo.

O Sr. Rodríguez Doval di: Nós non imos cambiar iso de aí, **primeiro** porque **é** un decreto que corresponde a un **gobierno lexítimo** e que **tivo unha** sentenza que **declaro** que era correcto o Plan de Normalización. **A** min pódeme gustar **o** pódeme desgustar pero decretos **fixo moitos** e está **facendo tamén moitísimo** decretos o actual **Gobierno tamén** que a min non me gustan.

O Sr. Alcalde pregunta o voceino de Nal se o presénta como emenda.

O Sr. Luis Cendán di que me da igual, non vai prosperar, éme igual, eu voto en contra e rematouse. Voto en **contra** e eu non vo debater máis.

Interven o Sr. Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular Sr. Cendán Fernández: Eu dicir, para deixalo claro que o consenso que vén funcionando hai 25 anos rompeu co decreto do 2007 e non se negocio con ninguén e menos co Partido Popular que era o grupo maioritario, a maioría absoluta menos 4.000 votos. E agora vou contestar ao **seño** Xullo, que non me gusta a frase que dixo que traizionou a **Galicia**, unha persoa que está avalada polos votos e ten lexitimidade, paréceme que non tes talante político ti para **achantar** ese cualificativo ao Presidente da **Xunta**, debes ter o mínimo un respecto.

O Sr. Alcalde resposta que: eu digo o que penso

O Sr. Manuel Cendán manifesta: O mínimo que deberías ter é un respecto cara ao Presidente de tódolos galegos, lexítimado polas furnas.

O Sr. Alcalde di: Bo, iso de Presidente, máis dalgúns que doutros

O Sr. Manuel Cendán di que: Elixido democraticamente pola maioría da cidadanía, non como lles paso outros que non son.

O Sr. Alcalde resposta: -E os que aprobaron o decreto hai 4 anos tamén. Tamén foron elixidos democraticamente.

O Sr. Manuel Cendán di: -Vou seguir **falando**, mire, isto non é unha cuestión que xa llo reiterei o **PSOE** tivo que tragar cunha imposición por estar cómodo no goberno, porque estaba agazapado por un bloque que tiña proba evidente que así foilles. Pero mira, vou ler as palabras do señor **Toriño** en plena campaña das autonómicas, a frase que dixo o señor **Toriño**. **Se comprometeu a non** pasar polo aro dá imposición **lingüística nin** por **unha** educación dotrinaria e **defendeu unha** educación en **liberdade** e que ás **linguas non se impoñen**, intentando distanciarse dos **seus** socios **do Goberno** o **BNG**. Iso díxoo o señor **Toriño** en plena campaña. E lle vou dicir máis, xa o deixei claro que agora o señor **Vázquez** está tamén, porque ve que a grande **mayoría** da cidadanía civil está de acordo que o idioma galego e o idioma castelán que son as 2 linguas oficiais que se falan ao 50%. e fala do **trilingüismo** tamén que está de acordo, e



quere pactar, eu quero recordar o señor do BNG que o que impuxo, foi o decreto. O PP está a negociar, está a negociar aínda non o puxo e leva un ano funcionando, estao a negociar coas forzas políticas e coas forzas sociais, aínda non está. E vós **llevais**, como dixen anteriormente, xa o día 2 de marzo o o día 3 estabades **manifestandoos** diante das sedes do Partido Popular. Estabades os do bloque **manifestandose** e aínda o señor **Feijoo** non tiña nin a acta de deputado. E o decreto este que quere levar e que quere aprobar a **Xunta** aínda non está aprobado, non está aprobado, estase a consensuar e vai tardar 6 o 9 meses ata que se consensúe, chéguese ao consenso máis amplo que se poida. E vostedes están a facer xa manifestacións, están **antes** de poñer o decreto e a vostedes ninguén lles fixo unha manifestación cando vostedes o impuxeron, ninguén. Nin o consensuaron co grupo maioritario nin o consensuaron con ninguén. Aprobárono e tragala o señor **Toriño** e tragala así o **reconició** en plena campaña electoral, non houbo outras razóns. Esa é a situación. Eu creo que quedo claro que que nós o que **queremos** é chegar a un acordo, chegar aínda acordo coa cidadanía e con máis se pode ser amplialo co resto das forzas políticas e sociais, e o imos intentar, e se non nós o imos quitar adiante tal e como o propuxemos, porque é un acordo que levamos en campaña electoral e foi refrendado pola **mayoría** do pobo galego e como estamos avalados, damos unha enquisa aos pais en toda **Galicia** e pola gran **maioría** estamos avalados e vamos seguir adiante. O que queremos é consensualo con todos e que sexa un decreto que se aprobe e sexa longo, longo, longo. Para que non haxa estes debates e non se poida impoñer por nada nin ninguén nin haxa todas estas **histerias** e iso é o que imos facer. E como estamos avalados imos seguir apoiándoo. E vostede na moción que xa se debateu antes fala, e xa o dixo claramente, insta á **Xunta de Galicia** a retirar o borrador **do novo** decreto. Retirar o borrador, que se está **discutindo**, que **é** un borrador. Ábrese un debate que se está a consensuar con **totalas forzas sociais** e políticas **do pais**, e **vostede** que **non se fale nin dese** borrador, que se retire o borrador, a ver **home**, sexan serios, que **vexan** que o que **vostedes queren** e **facen** dá **lingua unha bandeira**, iso **é** o que **queren facer** e que o que **non** pase por iso, **pois non é galego** nin **é** nada, **pois non**, está equivocado **vostede**. En Galicia se falan dos idiomas e se van falar, e se van seguir falando por moito que o queren impoñer, e por eso foi que a xente está, porque non se pode impoñer nada e aquí en Galicia que como un exemplo para todo o pais donde hai dúas linguas en Galicia, son cordiales as dúas linguas, sempre, e a nadie lle pasa nada, fale en galego o fale en castelán, non pasa nada, e aquí non se matou a ninguén nin fixo nada a nadie e se quere impoñer e como se quere copiar de Cataluña e do País Vasco e queren vostedes traer aquí, porque está claro, retirar o borrador do novo decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino presentado o pasado 30 de decembro diante da opinión pública. Ábrese o debate a opinión pública para que participe e **vostedes** que se retire o borrador, e **vostedes** aprobaron o decreto tragala **ao** señor **Toriño**, sexan vostedes **máis** serios que nos estamos **abrindo** a **ciudadanía**, **equ**e participe **iso é** un estado democrático, o que ten que **facen** un partido político, e **vostedes non** o fan, por **vostedes** que **non se fale** disto, que isto está **ben**, como o **deixamos nós**, está **ben**, punto. **Pois non**, **non é certo** porque a **xente** está preocupada **polo** ensino e polo idioma, claro **queren** e **non queren** o tema das **galescolas** e exactamente



igual, houbo que quitarlles iso porque iso era un adoctrinamiento para os nenos e ás nenas que querian vostedes impoñerlles, e trasladalo de outras comunidades autónomas como o País Vasco o Cataluña, e nada máis, esa é a situación. E gacias a Deus agora os nacionalismos a teñen que adaptar porque non están a gobernar en ningunha comunidade autónoma, por algo é, porque non vos queren, e así é a situación e imos seguir como fumos pobo e como seguimos sendo, cada un fala o que lle dá a gana o castelón o galego, o quelle da gana, e que sexan ás dúas linguas oficiais nos centros escolares, e iso imos defender. E mesmo vostedes, Coa sua proposta, non queren nin que se fale coa opinión pública este debate porque se vai impoñer iso se xa está ben, está ben o que fixeron vostedes que nos imos debater, e vai tardar 9 meses o un ano, pero imos a debatilo e a aprobalo. E o temos a aberto a cidadanía, falamos cos grupos políticos, falamos CoA academia, fixemos unha enquisa cos pais e imos seguir debatindo neste tema, porque queremos, como dixen antes, chegar a un consenso mais amplo con toda a comunidade galega, e iso a que nos leva? O que nos vai levar é a que vostedes están na oposición e non nos importa. Nos o que queremos é gobernar para a maioría e coa maioría imos a chegar a un consenso, e o que diga a maioría o imos respectar, por iso abrimos ás consultas aos pais, por iso falamos cos grupos políticos e por iso falamos con toda a sociedade civil. E imos seguir por esa linea.

O Sr. Alcalde manifesta que o mínimo é que se fale o 50%, iso xa é o mínimo

Resposta o Sr. Manuel Cendán que xa está, iso é o que se vai

Interven o Sr. Alcalde-Presidente: A proposta do partido Popular, era que os fillos falen o que se decida na casa, o que decidan os pais, esa era a proposta, que cada un sexa educado na lingua que elixa e non a podeis cumprir e esa é a vergoña, porque ata enganastes aos máis recalcitrantes, que efectivamente temos aquí e porque é unha vergoña renegar do propio, que non o fagas porque non sabes o porque tes tanta vergoña porque nunca o falaches e porque esa lei normalización, mira que ben vai, eu son fillo dela e, efectivamente a situación que vo describir e aínda enriba se fai esa oferta e agora non a podeis cumprir e pedides o consenso que negastes. Pero é unha vergoña e é unha das falacias que por desgracia se fan. Si é así e é unha vergoña identificar a defensa do propio co nacionalismo, igual que tamén é unha vergoña asumir a simboloxía nacional e apropiarse dela, sen pudor. Iso é unha vergüenza e xa non che vo falar de quen rompeu españa, porque ao longo da historia só coñezo 2 feitos e ningún foi de esquerdas. Ao primeiro Borbón importolle un ovo ceder Xibraltar no Tratado de Utrech e ao Borbón que temos agora importolle un ovo perder o Sahara, que era unha provincia española, así que, efectivamente, eu sei quen rompe España e por suposto, de momento está claro, que efectivamente, non é os fantasmas que vostedes sempre sinalan. É unha vergoña, e cada grupo interveu 2 veces e imos votar.

Sometida a votación a Moción do BNG, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (2 BNG e 5 PSdG-PSOE, 5 votos en contra 4 P.P. e 1 NAL e 1 abstención do Concelleiro non adscrito SR.



Echevarría Lage), acorda prestarlle a súa aprobación a Moción e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.**
- 2. Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordó co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.**

Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.”

Acto seguinte Polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Portavoces se teñen algunha Moción para súa presentación pola vía de urxencia, non presentándose ningúna.

Punto núm. 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Antes de entrar Rogos e Preguntas, efectivamente, quizais os voceiros **podrían** intervir para deixar constancia se o consideran oportuno na acta desta sesión, por ser a primeira que acontece tras o falecemento dunha traballadora que levaba moitos anos no Concello de Ares e que **loxicamente**, sen dúbida algunha, estableceu relacións persoais con tódolos que nun **momento** dado formaron parte desta corporación. **Loxicamente** hai quen foi Alcalde, Concelleiros e en consecuencia non tódolos días se producen grazas a Deus estes acontecementos que son desgraciados, pero cando se producen, ao mellor, sería bo que na acta se algún o considera oportuno poñer os sentimentos que poden pesar esta situación.

Ten a palabra o voceiro de NAL

O Sr. Luis Cendán manifesta: “ Ben, eu non tiña previsto intervir sobre todo neste tema, falar da persoa que vou falar concretamente a mi resúltame moi **difícil**. Eu sei que con todo o mundo do Concello ela era unha persoa que **se abría** bastante, cuns tería mais trato que outros, pero eu vo falar de mi persoalmente respecto a este tema. Eu non sei se ela me tiña a mesma consideración que eu lle tiña a ela, pero creo que para falar nestes momentos non teño palabras, porque se te emociona e sobre todo unha morte que non esperabas. Unha persoa chea de saúde, chea de vida, chea de esperanza, sobre todo moi responsable co dela, quizais máis do que debese, seguramente. Concretamente eu que tiven **practicamente** unha relación de traballo durante 8 anos pois tes máis apegos á persoa. Foron 8 anos, **que** non son nin 8 **días**, nin 8 meses. Ao principio da relación laboral había unhas diferenzas e discusións, o típico que adoita haber, pero en definitiva, unha persoa, que ademais eu concretamente, sentíame cómodo cando falaba con ela, e sobre todo moi feliz. Polo tanto, esto a falar dende a emoción, é unha persoa que me trae moitos recordos, eu era das poucas persoas que chegaba ao Concello



de Ares e íalle dar os bos días cando chegaba, me metía ás veces con ela, en plan, o típico que se adoita facer nunha relación laboral e ela sempre tiña boas palabras e boas contestacións, saíame con algunha evasiva cando eu lle retaba e nada máis rematábase aí a conversación íame e xa está. **Precisamente** ese día que aconteceu o fatal desenlace, a vin pasar e fíxate, cosas que che quedan na cabeza que intentei saudala e non me viu. Precisamente ao outro día á mesma hora pois decatábamonos, o decatábame eu, xa cando vi pasar a ambulancia para alí, non sabía que se trataba dela e xa me dixeron a fatal noticia, que por certo, non son capaz de quitar da cabeza. Sobre todo se temos relación o o Concello e vimos aquí, non somos capaces. Dito isto, ademais é unha cosa que **sabeis** todos que me imaxino que cada un tiña unha cosa **parecida**, unhas vivencias parecidas se tivestes trato coa persoa porque aquí xa levamos moita xente moito tempo xa, case é de obrigado cumprimento que tes que relacionarte coa xente e sobre todo cando tes responsabilidade. Entón eu que vou dicir, que esto moi “**jodido**” como diría o outro, na desaparición desta persoa porque eu lle tiña moito aprecio, por tanto, desexalo, non sei onde estará nestes momentos, se me está a escoitar e sabe que eu llo digo dende o corazón. Grazas.

-O Sr. Echevarría Lage manifesta que eu levo moi pouco tempo para coñecer a Mercedes.

O voceiro **do BNG Sr. Rodríguez Doval** di: “**Tampouco**, non tiña pensado **intervir**, vou a ser **moi** breve, a min tocoume, Eu **entrei** aquí non ano 83 de **concelleiro** e Mercedes **entro** non 84, **nun concello** onde os despachos dá corporación e vos despachos dos funcionarios, por desgracia, eran **practicamente os mesmos** por **razóns** físicas e **tamén polas** miserias, mesmo económicas que había **naquel** momento. Entón era **moi difícil** saber en que ámbito estaba situado, **eu recordome** ás veces, a Mercedes dándome **moita** caña por temas de Pleno que **ela non entendía**. Estaba **nunha** palabra **moi** implicada non concepto de que isto era **unha** empresa **na** que **ela** tinguera que **traaballar** coma se **fora** para **sua** casa, e **eu** creo que o nivel de **profesionalidade**, **non quero poñer** por **debaixo** a **outra xente**, pero **do** que **eu teño** visto, mesmo **noutras institucións**, o nivel de **profesionalidade**, chapo, **ao** nivel de preocupación igual. **Poco máis** creo que se pode dicir de todo iso, e **os sentimentos** que a **sinten** e que **se sentiron** ese día quedan non **recordo** de **cada** un. Si que creo que seguramente o que **mellor homenaxe** que **lle** podemos **facen neste** momento **é** intentar non que poidamos **manter** ese clima aínda que ás veces e **moi difícil**, onde os que **temos** ás **decisions tamén** interactuar con **aqueles** que **despois** deben **levalas** a cabo, e ser a maquinaria e **buscarlle** a **legalidade** e todo iso, **que** ás veces e **moi difícil**. E **eu** creo **que** en todo caso **unha** atención especial para a familia e **unha** atención especial para **Carmen**. Creo **que nós deberíamos** de ser sensibles a situación **na** que queda, dende o punto de vista humano e profesional, **pois é moi jodido ter** que **traballar na mesma** oficina onde **estiveches moitos** anos, sen esa **persoa ao** lado. E nada **máis**. Poñámonos a pila porque o **mundo sigue**.”



O portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendan di: Xa se dixo por parte dos anteriores compañeiros e eu me vou a ceñir o tema da profesionalización desta persoa, creo que os que tivemos responsabilidades, sobre todo no Concello tiña unha responsabilidade importante no concello, que era a económica, sempre te presions, sabemos que como Alcalde e todos os que estivimos aquí e que tes que valorar por enriba de todo que a profesionalidad desta persoa, temos que dicir chapó, chapó, chapó. Dicir que me impactóu, eu cando me enteréi da noticia, me viu avisar un traballador do Concello, eu estaba tomando un viño fun enseguida para alí e bueno, eu creo que o que máis me impactóu foi o estado lamentable e pensar que estivo tirada unha noite alí e que non houbo ninguen que poidera acudir a recollela. Creo que os que estivimos alí, vimos a aquilo e non merecía estar así soa e abandonada creo que queda un pouco, que bo esa é a sorte, creo que ao outro día vexas iso e vexas unha persoa que lle **tes** cariño, eu tiña **aparte** do tema persoal, o que temos que resaltar aquí a corporación, eu tiña bastante, como con tódolos traballadores, que tiña bastante relación con eles, e eu antes de pasar a Secretaría, cando ía a Secretaría e **abría** a porta sempre me metía coas dúas. Eu sempre lle gastaba tódolos días, **que** Ministra que hai, non sei que, sempre bo déixame que esto moi ocupada, xa **sabedes** como era ela, eu creo que iso llo facía tódolos días meterme con ela, como farían os demais pero creo que a situación lamentable na que morreu e na que estivo creo que nos impactou á maioría. **Resaltar**, quero deixalo claro, que se eu non teño que dicir nada de ningún traballador do Concello, porque sempre cumpriron, pero se teño que poñer a balanza dicir no **nº** 1 de profesionalización teño que poñer a Mercedes. Grazas.

O Sr. Alcalde Presidente di : “Ben, eu coñézoa dende fai 2 lexislaturas que é efectivamente o tempo que tiveron pois unha relación máis fluída porque efectivamente leva moitos anos no Concello de Ares coñecíamola pero, eu ata que saín de concelleiro no 2003, non tiveron, nese sentido, moita relación. Sobre a profesionalidade de Mercedes ninguén pode dicir nada porque resulta evidente era unha traballadora moi rigorosa e en **consecuencia incluso** como concelleiro de facenda, ela queixábase de que eu non lle dedicaba tempo porque eu consideraba que nin sequera o necesitaba porque había unha confianza nese sentido. Non de amizade senón profesional de que ela levaba todo, a mi baixábame as carpetas, eu asinaba e salvo situacións puntuais que estean de se hai diñeiro para isto hai un pequeno problema aquí que non hai consignación, salvo esas pequenas cuestións, a verdade é que a verdadeira concelleiro de facenda era ela. Os que pasastes por aquí **sabeis** como é. ¿Quen baixa o presuposto? Pues lo baja Mercedes, que puede haber en el presupuesto, pues 4 o 5 cosas que efectivamente desde las alcaldías se ven e se lle di, hay que facer esto, hai que facer esto outro pero está claro que era sin duda algunha, a verdadeira concelleira de Facenda porque é lóxicamente ela, salvo naquelas pequenas decisions marcaba practicamente todo o volume do gasto ordinario, e nese sentido eu teño que agradecerlle que me quitara pois moitos pesos de enriba, que nin siquera me enteraba deles, porque loxicamente xa mos daba resoltos, e eso evitou que tuviera máis relación con ela porque sempre consideréi que ese departamento non implicaba ningún tipo de carga porque era tan comodo que ela baixara coa carpeta e en cinco minutos asinabas e como había nese sentido esa realidade, te deixaaba asi en consecuencia



esa eficiencia fixo que eu pois non profundizara no trato persoal, porque realmente eso ia tan ben pois lóxicamente me dedicaba a outras cosas e séi que ela se queixaba de que o mellor non lle prestaba moita atención, pero así é a vida. Nunca un sabe como van ser as cousas e nos 2 anos que estiven de Alcalde pois a verdade que esa eficiencia estou convencido que restou relación **porque** tódolos problemas os **resolvía** e en consecuencia todos eses problemas quitábachos de enriba. Nese sentido estoulle moi agradecido e así conste na acta de hoxe, lóxicamente, as palabras de todos e en consecuencia este pequeno recordo, que sen ningunha dúbida fai que os **que** esteamos aquí nos mostrémos como realmente somos. Somos persoas que **vivimos en** nosa comunidade demos un paso para mostrar o especial empeño cara á dedicación do público e que iso baixo ningún **concepto** mínguanos da nosa condición de persoas cos nosos sentimentos, coas nosas interaccións, por suposto cos nosos defectos e por suposto **tambien lóxicamente** coas virtudes se efectivamente se poden apreciar, un pode dicir de se mesmo que é moi virtuoso, pero se non hai **esa opinión** na súa comunidade está **claro** que ese virtuosismo é lóxicamente pois é irreal.

O Sr. Manuel Cendán di: Eu quería, que se me esquece que tiven **que** vivir, tivemos **que** vivir aquí tamén o tema do marido. Dicir que me coincidiu, eu non sei se se van unha semana o 2 semanas, pero coincidiu aquí a finais de ano, estabamos a realizar os pagos, eu recordo que estabamos a pagar, sabes que a final de ano se paga e estaba de aniversario, e chamouna a media mañá estaba no Concello vello sabes que estaba aberto, e o chamaba que estaba de aniversario e a invitaba a comer e entoces á hora, vólverona a chamar, o marido tiña unha oficina, vendía nunha inmobiliaria e chamaron da inmobiliaria ao concello para dar a noticia de que morrera e entón ela como estaba apurado lle dixo non, dille que non me pase que xa falarei con el. Era un compañeiro que lle ía dar a noticia do marido. Eu tiven que vivir todo iso, eu quedei impactado vendo xa o que pasou co marido e agora ao velo con ela. Creo que na vida hai que ter sorte **aparte** de ser boa persoa, traballadora e ser un bo profesional crea eu que na vida tes que ter sorte e está claro que este matrimonio pois non tivo sorte para nada.

Aberto o turno de rogos e Preguntas toma a palabra o Sr. Luis Cendán : “Eu teño aquí unha serie de preguntas e rogos, vo comezar por, imos ver, en canto ao tema do **stand** na feira de **FITUR** eu non sei se este tema paso por algunha comisión informativa, pero polo menos as que eu acudo eu non pasou, nin se debateu. Os únicos datos que eu teño ao respecto son os que viñeron publicados nos medios de comunicación da colocación e demais información que vén incluída nos artigos. Polo tanto a miña pregunta ao **respecto** é o custo total do **stand** na feira de **FITUR**.

Segunda pregunta facer un rogo xa o fixen máis dun ano, no camiño de Xabre-Ameneiral, para centrarvos é o camiño que baixa da **escola** Seselle hacia a praia nun desvío que ten á dereita. Da escola de Seselle cara á praia, hai un desvío alí a man dereita, aquilo está intransitable e a xente queixase e hai que tratar de **rebachealo** o dalo outro tipo de solución.



En canto ao centro de actividades da 3ª idade, cando se pensa poñer en funcionamento, o se se puxo, eu penso que non pero; cando se ten pensado poñer en funcionamento o devandito centro.

Despois había outro tema que comentara a ver en que fase atópanse as beirarrúas **peatonaies** de Ares-Rede ao fío do tema da estrada, para cando está previsto empezar coas obras da estrada de **Chanteiro**. Imaxino que será cando rematen as obras da EDAR, pero se hai algunha data prevista para o inicio, porque sabes que iso haberá que certificalo unha vez que se adjudica e como está o tema nestes momentos.

Hai outro tema que quedo o proxecto aquí non sei na fase que se atopa, se modificastes algo, eu creo que fose a unha comisión que era o tema do proxecto de abastecemento de auga potable de Cervás a **Chanteiro**, había un proxecto, me parece que ese proxecto pasase un día por comisión, para modificalo o algo en concreto e non recordo en que fase tamén se atopa.

E despois con respecto ás obras do plan **E** do 2010, deste exercicio, se ben é certo, que nos dixestes que na última comisión de que fixésemos propostas, non así no Plan anterior pero este ano se foi a comisión, que nos dixeses que **presetáramos** por parte dos grupos as propostas. Fixéronse varias comisións pero non se abordou o tema a miña pregunta é se por parte do goberno se fixeron o se encargaron xa os proxectos o se se pensa levar comisión informativa a facer a proposta. Eu sei que este tema, a proposta dos grupos pódese facer a través do rexistro o ben da prensa porque é lícito, este non é o caso eu pódoo facer, teño propostas para facer de obras pero gustárame que se convocará, así foi o prometido polo señor alcalde que se troxese a unha comisión informativa, as propostas se as había dos grupos. Polo tanto, a miña pregunta é se se pensa levar o pola contra se os proxectos xa están encargados.

O Sr. Alcalde pregunta o Sr Echevarría Lage se ueres intervir.

Respostandose por este que non.

Toma a palabra o portavoz do BNG: “Se, a **primeira** das era a de case un **rogo non** pregunta **aínda** que digamos a secuencia con algo que **xa temos** trasladado por escrito, que a **refire** ás **condicións** que se están **executando** ás obras de **saneamento**, en concreto a colocación das canalizacións **do saneamento** integral que **vai** ir cara a **Chanteiro**. **Hai** 10, 15 días **fixemos** constar que ás **condicións** que **traballaba** a empresa **subcontrastista** que **non** a contratista, **se non** a subcontrastista, **deixaban** de relevo escaso interese en sinalizar e velar polo tráfico e **tamén** que **nalgúns** casos **se poñía tamén** de relevo que ás **condicións** técnicas **nas** que **se executaban** algunhas obras **deixaban moito** que **desexar**.”

A segunda cuestión **é** evidentemente **non é nosa**. **Nós non** somos a administración contratante que **é** a **Xunta de Galicia** non obstante, claro que debería de haber **unha** iniciativa por parte **do concello** porque imos **non** falo de o **outro** día **nin** de **hai** 15 días, falo de **hoxe pola**



mañá, penso que unha rua como o Mazote, está cortada con duas valla enferruxadas e un cacho de cinta que se rompeu que nin sequera hai un cartel non que poña desvío por outra zona, nin nada. Penso que non é unha obra de 10.000 euros, é unha obra de 78 millóns de euros e polo tanto ás empresas que cobran que tamén fagan os seus deberes, E por suposto, digo o mesmo con respecto ao que é o patrimonio en infraestruturas municipais. Eu votei aquí a favor da declaración de urxente ocupación para nos esa obra é fundamental que esa obra se faga canto antes, pero isto non é Atila en Galicia. A empresa non ten dereito a facer o que está facendo; e hai un abismo entre como está traballando o din e o volvo á dicir a empresa que está facendo ás obras de R que entón seguro que a empresa de R lle temos que condonar a licenza de obras polo que está facendo; é o día e a noite en facer ás obras, a forma que se traballa, etc. Creo que nós lle debemos de existir a obra posiblemente máis cara que xe fixo non noso termo municipal, que a empresa adjudicataria ou a subcontratista se poña a pila e que a administración contratante que neste caso é a Xunta se poña a pila. Non é paralizar nada, é pedir que présa si, pero respecto tamén.

En segundo lugar, era unha pregunta ao respecto dunha acta dunha Xunta de Goberno na que se levo a acordo a cancelación do prestamo que acordamos aquí cando debatemos a situación económica e a petición. Tampoco teño interese en que se me conteste aquí digo, simplete, que se traslade a unha comisión de facenda a información das razóns que motivaron esa situación; porque é certo que cambia un pouco ás previsións que tiñamos naquel momento. Lein a acta pero creo que procede unha información complementaria para que aclaremos a razón de que non se acadara, non se apelára ese crédito que tiñamos acordado non pleno, e polo tanto como nós, votásemos a favor pois queremos saber de que foi.

A outra pregunta é se sabemos algo de centro de saúde, se hai proxecto, se non hai proxecto, si a Xunta contesto algo a o acordo que tomamos aquí por maioría, non sentido que se faga esa nova infraestrutura, que se faga con diñeiro de administración plúbrica, pero fundamentalmente, se está neste momento digamos dende o punto de vista de prazo, se hai proxecto, cando se vai a executar, canto diñeiro vai a haber, etc.

Otra pregunta sobre o tema da piscina, este é un tema que supoño que vai non plan E, como está o tema da redacción de proxecto para a zona de spa e preguntar tamén, imos, en todo caso urxir. Primeiro saber se están aprobadas ás certificacións da parte correspondente que nos correponde porque eu sei que algunhas están aprobadas e seguramente non están pagadas. Son dos procesos distintos pero en todo caso, cónstame, falei con algún compañeiro de Mugardos, e me dixo o outro día que o concello debía algunha certificación. Eu díxenlle que me soaba que algunha estaban aprobadas e que era previsible que como se estaba pechando o ano, e despois paso o que paso, pois que o mellor iso tamén influise pero imos é unha pregunta.

E despois duas que van nunca, se sabemos algo da apertura de Galescola e a sabemos algo tamén ao respecto da apertura de Centro de Día. Nada máis.



O Sr. Manuel Cendán pregunta: Nós iamos empezar dando algunha constetación do que pasou no Pleno do mes anterior, que nos tivemos que ausentar, deixar claro que a miña sorpresa foi, cando colgaron o video e o vin, xa dixen anteriormente que fora un pleno esperpéntico, por todas as situacións que se crearon, eu as acusaciones que se fixeron da miña persoa, o vou a deixar para o recurso, se ten que vir o próximo Pleno o vou a deixar, non vou a quedar aquí de mentiroso, decir os motivos polos que se me acusou a mín e dicir porque tivemos que acudir a situación que tivemos que acudir, pero si me sorprendeu a postura que tuveches cando eu dixen que eso no ia na orde do día deixache falar, diseche que deixabas falar a todo o mundo, e cando a concelleira do Partido Socialista quixo falar, dixeches que o voceiro eras ti, entonces a incongruencia de que aquí deixabas falar a calquera que non fora do Partido Socialista, ninguen me pasou a mín a información ata que o luns a noite o vin colgado na paxina web, pero o máis esperpéntico foi que o mesmo día, o Bloque o pode recordar, levaches o tema dos presupostos para informarnos e que os viramos, e falaste do tema do barco, e mín que me sorprendeu que aproveitaches que nos nos foramos do Pleno para metelo pola vía de urxencia, creo que non son maneiras de proceder, posto que para properar calquer moción pola via de urxencia necesítanse 7 votos, creo que te levou o ímpetu e cometiches un grave error, se te ve unha ansia por parte de todos os grupos políticos de querer quitar eso á brava, que nos puseches en guardia a todo o mundo, no tiñas tanta urxencia, eso hai que debatilo máis cando se falen dos orzamentos, e non pasalo por hai. E con respecto que se falou aquí na miña ausencia, hai que dicir que hai que dar a cara, eu non vou a vender a ninguen, nas miñas situación dou a cara, nunca lle impedin a ninguen que falase, o quero deixar claro, e deixarei constancia da miña manifestación no próximo Pleno cando vaia a tratarse o recurso, creo que debemos levar doutra maneira esto porque foi esperpéntico.

O segundo rogo é que eu teño constancia de que por parte de Secretaria se informou o recurso de reposición noso, porque non se inclueu no Pleno, e xa deixabamos zanzado esto, cal foi o motivo de non incluír esto no Pleno.

E agora vou a facer unhas preguntas. Hoxe mesmo unha hora antes do Pleno, volveu haber outro accidente, creo que xa tedes catro ou cinco reclamacións, co pivote que esta na carnicería, acaba de fastidiarse agora un coche, onte outro, antonte outro, creo que xa ban cinco, o pivote hai que quitalo de hai, eu non sei se é legal ou non é, a situación creo que si demandan teñen que ganar, ves da Avda. de Mugar dos te queres incorporar, tes o tema da maceta e das bicicletas, te queres incorporar.

O Sr. Alcalde di que é mellor que leve o pivote por diante e non a unha persoa.

O Sr. Manuel Cendán, di que os coches hoxe en día teñen bastante morro, tes a maceta e as bicicletas e non calculas ben o levas por diante o pivote, ten que estar mal porque cada



media hora esta a suceder un problema con ese pivote, buscarlle outra solución algo ten que haber.

O tema de FITUR xa preguntaron pero o que quero saber que persoal a cargo do Concello se desplazou.

O tema do Mazote, xa o falei nunha Comisión e xa o dixo o voceiro do BNG, e o que esta claro que estes días están bos. E parte que se abreu que lle votaron zahorra esta toda chea de baches que tes vir pola parte contraria, creo que esixirlles que pasen unha pisona, e que quiten os baches que agora non chove e non teñen ningunha desculpa, e que coordinen coa Policía Local unha alternativa de cortes das rúas, hai que esixirlle as empresas que se poñan en contacto coa Policía Local para poder buscar saídas alternativas.

Despois hai outra obra polo tema este, que é o Camiño dos Galgos a Simou, moi transitado por moita xente e polo tema das bicicletas que abriron ali, e deixaronos Camions no medio do camiño, e non se pode pasar e leva cerca dunha semana, que o aparten ou que pidan autorización o propietario dalgunha finca, e que deixen o acceso libre.

E outra pregunta e o tema do corte da auga, foi un accidente, pero que eso non se planificou ben, o tubo xa levaba un par de días roto, xa perdía, e se esperou ata última hora, e intentar avisar á cidadanía da situación na que estamos metidos que se ia a cortar a auga.

E despois outra que se talaron unhas arbores, no parque Rosalía e outros non, a que se debe esto, de porque uns sí e outros non.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, pasa a responder as preguntas: A verdade é que efectivamente entre os promotores que pagan efectivamente nese momento pois fixeron o **stand**, e se paga o anaco de feira que ocupamos e os hostaleiros puxeron o que podemos denominar viandas, o custo para o **concello** de estar en **FITUR** foi de tres mil e pico **euros**, en consecuencia é un gasto menor, porque hobo unhas repercusións, efectivamente **buenísimas**, houbo máis de 5000 visitas, se sorteo unha viaxe de estanza en Ares que puxo o Bitácora e Lito o do hotel, o sexa que van comer no Bitácora e va durmir no hotel gratis, o sexa, que efectivamente, isto foi unha comandita entre hostaleiros, promotores e o **concello**, pois contribúe loxicamente cunha cantidade **asumible** porque constitúe loxicamente un dos gastos que o Alcalde pode autorizar pola súa propia competencia, pola contía. En consecuencia acordose nesas reunións cos hostaleiros unha serie de accións de campaña para **publicitar** Ares, porque o Concello tiña unha subvención da **Consellería de Traballo**, do bipartito, de 12.000 **euros** e á campaña que se fixo o ano pasado que se puxeron unhas vallas en autobuses en **Leon** ou en **Ponferrada**, é que non me acordo, puxesen tamén unhas traseiras de autobuses. Esa foi a contribución o ano pasado do Concello, nós contribuímos a esa campaña, os promotores coa súa parte e nós cos 12000 **euros** que nos concedeu **Traballo** precisamente para facer unha campaña de publicidade. Entón, fíxose esa campaña de **mupies** e traseiras en



Castilla e Leon. Este ano foise a FITUR botadas as contas pois nos tocará pagar, xa digo, eses 3000 e pico euros porque os outros puxeron a súa parte. Por se só o Concello non podería ir, por iso fomos da man dos promotores e os hostaleiros, faise o deseño de stand. Preséntase na festa da Juvia e ese é o stand que vai a FITUR, hai que pagar as taxas da feira e houbo 2 persoas que estiveron loxicamente atendendo ao persoal e as puxo o pub O Lugar o El Pescador. Os camareiros que hobo alí, puxéronos hostaleiros, tamén en comandita. Estiveron alí pois atendendo servindo e eu creo que unha a puxeron os promotores e á outra persoa a puxo, e ao mellor equivócome , pero seguramente puxérona varios Hosteleiros, que puxeron o camareiro, eu creo que foron máis. Creo que foi o Club de Tennis de Redes, é dicir, a cafetería o bar o Pescador, a cervexaría El Lugar, o bar de Nardo de Chanteiro, o Bitácora, Litos, o sexa que efectivamente entre os hostaleiros e os promotores fixemos un apaño, e xa digo que ao Concello lle corresponde pagar 3000 e pico euros. Quenes estivemos en FITUR? Bueno, pois estivemos en FITUR unha persoa que está contratada polo Concello como asesor de cultura que efectivamente os seus gastos non os paga o Concello, eses gastos ven en comandita, loxicamente, estas achegas que fan as hostaleiros; que a dos hostaleiros é en especie e os promotores que é en metálico. Logo, en representación institucional, o día da visita do Presidente Nuñez Feijoo, estiven eu, loxicamente. Cando me din que o Presidente vai visitar o stand, eu desprázome e esto durante a visita do Presidente e presento a páxina web. Como ao día seguinte había que facer un sorteo, que era o sorteo, bueno eu non podía estar. Eu tíñame que vir para aquí o sábado e o sorteo era o domingo. Paco de iniciativa propia dixo que podía estar el e estivo el, durante o sorteo que se fixo o domingo, porque eu non podía estar porque eu o sábado despois de comer tiña que estar aquí. En consecuencia foi o Tenente de Alcalde e é a presenza institucional que estivo durante a feira.

En canto ao camiño do Xabre a Ameneiral dá escola de Seselle á praia, eu non sei como está Pepe, haberá que facer algún tipo de actuación porque non sei se está; ¿fíxose algunha actuación este verano? pues haberá que, ¿Que é de zorra, Haberá que bachealos.

En canto ao centro da 3ª idade eu creo que xa está en funcionamento. fíxose con cargo a un financiamento do FEDER se rematou a obra, integrose a obra e xa se fan actividades. Non houbo inauguración oficial, non fixemos ningunha inauguración oficial pero unha vez que se remato e se executo a obra integrouse nas actividades propias do centro. Simplemente foi unha ampliación do centro e xa opera e úsase como ampliación do centro. Non houbo inauguración oficial porque non é unha cuestión á parte, é o centro que quedo ampliado e quedo a propia estrutura do centro, ese espazo para o seu uso.

As beirarrúas que van de Ares a Chanteiro xa hai un proxecto que redactou a Deputación e en consecuencia, con moi bo criterio hai que executalo cando estea todo o lio da EDAR. Entón se podemos presumir que no 2011 estea todo construído pois será o exercicio do 2011, é dicir, o ano que vén cando se poderá executar ese proxecto. Existe o compromiso da Deputación, existe un proxecto redactado pola deputación e en consecuencia, hai que esperar



a que rematen as obras da EDAR. Porque é un proxecto que vai dotado de elementos de seguridade, esa estrada de Ares a **Chanteiro**.

O proxecto de mellora de Ares a Redes, pois está en fase de proxecto. Viñeron os técnicos, fíxose a topografía marcáronse algunhas zonas con cor e estase a redactar o proxecto. Hai un **ancheado** da estrada o o marxe esquerdo vindo para aquí, que é ao que se lle vai a esa senda pero o proxecto aínda non se presentou, porque as miñas noticias son que primeiro foi o de Ares a **Chanteiro** e agora están a redactar o de Ares a Redes.

O proxecto do abastecemento de auga a Cervás, está presentado en Augas de **Galicia**, o proxecto de saneamento e abastecemento de **Chanteiro** xa está en execución, empezaron as obras a semana pasada e é **garantía de que** o proxecto que vai a abastece de auga a Cervás, Vaise executar porque sen o abastecemento de Cervás **non hai** auga en **Chanteiro**. Porque se fai o abastecemento de **Chanteiro**, porque como se fai o saneamento unha vez que abren a estrada. Sería absurdo abrir as estradas en **Chanteiro** para meter o saneamento; logo meter o abastecemento en Cervás, e logo volver abrir en **Chanteiro** para meter o abastecemento en **Chanteiro**. Porque, claro, vai despois do de Cervás, sería unha barbaridade. Entón cando se executo o proxecto do saneamento de **Chanteiro** eu cando vi que ían a ter que volver abrir, despois de meter a auga en **refundí** os proxectos. Había un proxecto que era o saneamento en **Chanteiro** que se ía executar e había un proxecto que era abastecemento de **Chanteiro** e abastecemento de Cervás, ante esta situación o abastecemento de **Chanteiro** e o saneamento de **Chanteiro** refundina nun. E unha vez refundido presentose a Augas de **Galicia** e Augas de **Galicia** aprobouno pero está claro que nin o saneamento de **Chanteiro** vai funcionar ata que está a EDAR rematada, porque se ten que conectar á EDAR, nin o abastecemento vai funcionar porque a auga ten que vir de Ferrol. En consecuencia o abastecemento de Cervás, presentouse o proxecto, o proxecto foi supervisado e está pendente de licitación-. A obra de **Chanteiro** xa empezou e ao longo deste ano, igual que o ano pasado se licito abastecemento e saneamento de **Chanteiro** por 1.300.000 **euros**, agora se vai á licitar o abastecemento de **Cervas** por 688.000 **euros**. O abastecemento de Cervas, vale a metade que o proxecto de saneamento abastecemento de **Chanteiro**. En consecuencia, cando culmine o saneamento e abastecemento de **Chanteiro** teñen que facer, loxicamente, o abastecemento de Cervás.

En canto aos proxectos para o plan FEIL, hai 2 meses díxose en comisión de xunta de voceiros que os grupos podían facer propostas. Non se recibiu ningunha proposta e en consecuencia nos apremian os prazos e hoxe aprobamos en comisión de goberno algunhas propostas. Aprobamos un **proxecto** de **dixitalización**. É unha fase de **dixitalización** ¿non?. Exactamente para a administración electrónica que ten que estar en funcionamento por lei este ano, e aproveitamos que o FEIL **permite** e a **dixitalización** xa a metemos no FEIL. E aforrámosla con cargo a diñeiro municipal. Aprobamos o da **piscina** polo mesmo hai que ampliar a piscina para dotalo desa zona de **spa** e se o metemos no FEIL, aforrámoslo con cargo a fondos propios.



A rúa **María** hai un POS que vai á rúa **María** pero vai un anaco, entón co FEIL. Metemos outro. Na rúa **María** hai que repoñer saneamento e abastecemento, aquilo é moi antigo e hai que separa pluviais de fecais. Entón como o POS **só** o daba para un tramo con cargo ao FEIL Metemos máis rúa para facer a obra de xeito uniforme.

E nada máis ¿non? Iso é o que metemos hoxe e nese sentido, temos pendente seguir renovando o alumado. Hai que reducir o custo **FENOSA** e hai que meter polo tanto, iluminación de baixo consumo. Entón falta un proxecto que vai cambiar luminarias de 175 vatios por unhas **leds** que aforran **moitísimo, entonces** como tamén o FEIL préstase a aforra enerxético pois imos meter un proxecto de aforro enerxético e logo vai un tanto por cento para servizos sociais, entón **detraemos** a parte que podemos **detraer** para servizos sociais e o resto vai entre a piscina, a iluminación, a rúa **María** e a **dixitalización** pois xa vai practicamente todo. Cando estean, por suposto, irán a comisión loxicamente, para que se poidan ver os proxectos

O tema do **Mazote**, as obras que concluíron no **Mazoe** fixeron moi dificultosa a súa execución. Non está só a EDAR, estase a executar o POS de pluviais deste ano, non do ano pasado, perdón. O **Mazote** e toda esa zona inúndase. Conflúen augas que vén dos **Castros**, conflúen augas que veñen de Cervás **por** o **rio** que atravesa todo o **Mazote**. Conflúen augas que veñen de Concepción Areal desa zona dos lagos e converxen no río ese que hai alí no **Mazote**, entón conflúen tantas augas **pluviais** que saturan as **fecais** e saen mesturadas por diante de Táblas por esa entrada do **Mazote**. Cando veñen as augas de Cervás, e entran na rede de sumidoiros porque non hai **separacion** nesa zona de Táblas, sae toda a merda para arriba. Hai que executar o POS que é separación de pluviais de fecais para botalas libres no río **Xunqueira**. De feito estase a facer unha nova canalización da augas que vén de Concepción Arenal, desa zona dos lagos porque estaba todo tupido o tubo que atravesaba a estrada estaba todo mesteo de cemento, ieso das obras. Entón aí **expediente** cando viñan esas augas cargadas inundaban o **Mazote**. Coincidiu esa obra coas da EDAR **habían** 2 empresas traballando en 2 proxectos distintos. Ao ter que traballar, eu asumín e asumo a responsabilidade de dicir pois todo á mesma semana, porque non imos a **ter** iso como Vietnam 2 meses. De estar amolado, estamos amolados uns días e rematose. Metemos as 2 empresas ao mesmo tempo a facer o traballo para rematar antes. Porque senón era **lio** coa EDAR, e logo **venian** os de LANCER co tema dos pluviais. Ao mellor iso foi un erro dicirvos metervos unha semana. Esa semana iso vai ser Beirut pero rematamos, sobre todo porque estaba a chover e o proxecto do POS Levaba 6 meses de atraso. **Aos** de LANCER autorizóuselles a entrar co proxecto de **separativo** de pluviais, estando alí os da EDAR, claro, camións dunha empresa, camións da outra, palas dunha empresa, palas doutra estivemos, non sei que semana foi, moi complicadas. Alí puxeron unhas valla que poñían rúa cortada por obras, pero eu di orde de que se deixase aberta e en momentos puntuais podíase pasar. Eu vindo de casa dos meus pais pasei moitas veces pola obra outras veces amoleime, vin camiión e tiven que esperar. Pero outras veces din pasado. **Entoces** en lugar de poñer alí 2 persoas prohibindo entrar enfadando aos veciños que queren pasar e ademais é que podían pasar, porque o desviu é mal roio. Vindo de **Mugardos** tes que meter os



polo medio do pobo; e vindo de **Franza** tes que metelos polo medio do pobo. A vía alternativa non teñen moita solución, se **vines** de aquí e queres pasar para alá o vés de alá e queres pasar para aquí o pasa polo **Mazote** o ao medio do pobo. Entón como eu desviar todo ao medio do pobo non o vi, dixen se a xente se mete os das obras veno, e poco a pouco deixásenos pasar. Fíxose compatible unha mala e penosa circulación coas obras pero o remedio era peor, que era desvialos ao medio do pobo cando en momentos que non sexan de picos se podían pasar, porque eu de feito, pasei. Outra vez tiveron que esperar 15 minutos a que un camiión se me separase e me deixase pasar. Pero polo xeral pasaba. Porque a outra solución era “**jodida**”, meter todo sistematicamente polo pobo. Hobo unha semana, LANCER xa se foi e agora xa só están os da EDAR. A estrada quedo tocada porque falta a reposición do firme. É que aínda non remataron, é normal que non repoñan. De momento está amolada, evidentemente, pensar que a cota que os tubos da EDAR. Nun tramo ao final foi de 6 metros de fondo. Miúdo burato tiveron que facer aí pero as cotas, son as cotas. Esa estrada terá que ser repostada pero por desgracia as obras temos que soportalas. E no **Mazote** é responsabilidade nosa porque as decisións son nosas, pero estradas da Deputación e da COTOP, nós nin nos enteramos a empresa pide a licenza á COTOP ou á Deputación e de súpeto ves a estrada cortada. Que é o que nos paso na avenida de Redes. Na avenida de Redes, cruzan cun tubo cara ao parque **Rosalía** de Castro. Estrada da COTOP, pedíronlle permiso á COTOP, e a nós nin nos dixeron nada. Chegas alí e ves 2 semáforos e vós? Eu pedínlle licenza á COTOP e vou cruzar un tubo. Chamas aos de AQUAGEST E dislles ¿isto onde vai ao abastecemento? E os de AQUAGES **din**, cremos que por aquí, porque non hai planimetría, é dos anos 50. Non hai planimetría, sabemos máis menos de que lado pero non sabemos a profundidade, **din** metro e medio e apareceu un metro e rompeu un ramal e a fastídiouse, e que se lle vai facer. Son circunstancias que pasan pero é que esa estrada é da COTOP e quen autorizo cruzala foi a COTOP. Nós o único que podemos dicir, é cun abastecemento ter coidado. **Din** que tiveron coidado pero o cargaron. Hoxe non fan os buratos a man, hoxe non teñen alí unha persoa cavando con coidado ata que aparece o tubo. Meteron unha máquina e pico. Se lle **din** que está a metro e medio, saben que ata un metro poden cavar tranquilos e a partir do medio baixa un home a facelo a man, pero apareceu ao metro. Ao metro, alí estaba o tubo, que non estaba a metro e medio. Entón son cosas que pasan, e en 6 horas arranxose. Estivemos sen auga e en 6 horas arranxose que hai problemas, sen dúbida ningunha. Que ao mellor alguén estrago unha lavadora porque quedo lavando sen auga, COPASA terá unha compañía de seguros. Quen rompeu o tubo foi unha empresa con nome e apelidos e terá que ter algún tipo de cobertura. A quen se lle fastidiou a lavadora porque lavo sen auga, virá a facer unha reclamación patrimonial ao Concello e eu lla pasarei a COPASA, para que o seu seguro pague, porque foi un accidente que fixo COPASA. E COPASA, como empresa, ten que ter unha cobertura.

A acta da **Xunta** de Goberno onde cancelamos un crédito, aproveitando as posibilidades que o Goberno lle deixa ás corporacións locais para aumentar o seu endebedamento debido á crise



previmos un crédito para pagar débedas pendentes. Autorízase e ímolo formalizar, cando o imos formalizar Economía do Estado que é a que permitiu aumentar a capacidade de endebedamento dos **concellos** para pagar débeda, esixe que a débeda pendente se pague por data, é dicir, que haxa unha **prelación** e que non se aproveite ese crédito para pagar as que un quere e outros non os pagar. Se o teu pides ese prestamos para amortizar débeda, amortízala pola súa orde de **prelación**, cando vimos que non iamos a **beneficiar** aos pequenos provedores porque aquí hai facturas de AQUAGEST do ano **catapún chipun**, vimos que nos obrigaban primeiro a pagar as de AQUAGEST, porque eran pola **prelación** mais antigas. Eu entendín que este Pleno, non aprobo un empréstito para pagar a AQUAGEST cobrase. Este Plenos aprobaron un empréstito para que os provedores e pequenos provedores deste Concello cobrasen. Cando vi que estabamos obrigados a que ía cobrar AQUAGEST, dixeran, que AQUAGEST espere porque estamos negociado con eles a prorróga, e evidentemente estámoslles a pedir que nos cancelen a débeda, que o diferencial de auga con **Ferrol** se equilibre porque ese servizo xera déficit, que mellore as prestacións que presta AQUAGEST **porque** teñen poca xente, sabes que nunha xunta de voceiros se dixo que se ía abrir unha negociación con AQUAGEST, que aínda non está pechada, pero enténde, que este ano cheguemos a ela. Parecíame absurdo porque o espírito do pleno cando se aprobo ese crédito non era que AQUAGEST cobrara. Sin embargo as débedas con AQUAGEST son as mais antigas e polo tanto eran preferentes. Como non lle iamos apagar a AQUAGEST decidimos cancelar o empréstito porque a vontade coa **que** o podíamos non era esa. **Os acordais** ¿que era para pagar provedores?.

O Centro de Saúde, dende que entrou a nova **Xunta**, a situación cambio un pouco, temos un magnífico edificio de infraestruturas pesqueiras que leva ano e medio feito e á nova **Xunta** non lle preocupa, que aí segue. Nese sentido, vai ser das grandes dificultades que ten a confraría de pescadores para entenderse co novo presidente de **Portos**. Aí temos o novo edificio de infraestruturas pesqueiras feito polo bipartito e sen usar pola **Xunta**. ¿O centro de saúde? Hai un proxecto pero non lle gusta á **Xunta**, entón quixo facer outro, o bipartito deixou un proxecto feito pero á nova **Xunta** non lle gusta e encargo outro. Tecnicamente téñenlle que entregar ese proxecto. Vai presupostado nos presupostos deste ano con financiamento privado. Eu dende logo, estamos en xaneiro e farei as xestións oportunas e como vai presupostado pois me imaxino que o farán. Intúo que o farán, agora o proxecto que deixo o bipartito non lles gusta e encargaron outro novo.

En canto á piscina, vai co plan **E**, temos certificacións aprobadas, pero a morte de Mercedes a final de ano, fixo que non se pague. Eu imaxínome que se pagarán agora porque estaba previsto pagalas a final de ano. É certo que estas certificacións van se pagar porque a finais de ano se estableceu a execución e o pagamento quedo pendente e eran as vacacións de nadal e non se fixeron pero non hai ningún problema porque están aprobadas e sempre se fixo.

A **Galescola** temos que traer o convenio a **Pleno**. Isto a esperar á reunión do consorcio. Para a semana que vén hai unha reunión do consorcio e eu como Alcalde e outros, poderemos



falar e dicir o que **non nos** gusta. Se, en función da nosa intervención non hai cambios, pois traeremos ao Pleno o convenio cambiado. Se non hai cambios teremos que traer a **Pleno** o convenio que nos dá a **Xunta**. Porque senón, non hai **Galescola**, entón non traemos o convenio a Pleno porque é do consorcio e nesa reunión do consorcio eu direi que nas **Galescolas** o persoal ten que ser seleccionado, e me parece moi ben, por unha comisión, pero se eu formo parte dun consorcio coa **Xunta** nesa comisión terá que estar representada a **Xunta** e os concellos tamén. Non sei porque o persoal o ten que **selccionar** só a **Xunta**. Eu formo parte dun consorcio, eu non digo que teña que estar eu, pero terá que haber algún representante dos concellos. A mi impórtame un ovo que sexa alguén da FEGAMP, que chamen á FEGAMP e que a FEGAMP designe como representante dos concellos determinados membros da comisión. Pero se eu esto nun consorcio que é **Xunta** e concellos teremos que facer todo entre os dos. Pois non, a selección de persoal fana eles sós, entón iso non me parece correcto e esa é a razón por a que non traio o convenio, agora, se na reunión do consorcio da semana que vén non ten arranxo, porque os alcaldes que pedimos iso somos minoritarios e non conseguimos cambialo, teremos que traer o convenio que nos ofrecen e en consecuencia ao longo deste trimestre, que é o compromiso da **Xunta**, abrirá a **Galescola**, non a de Ares, senón todas as que están comprometidas para abrir neste trimestre

O Centro de Día non está recepcionado e creo que faltan obras de urbanización. A obra non está culminada ten un pequeno atraso e eu imaxínome que ao longo deste ano terán que rematalo e recepcionalo. Entón teremos nese sentido, a posibilidade de apertura, pois non o sei, non o sei a verdade. Eu **me** imaxino que despois do verán, me imaxino que de aquí a xuño rematarán, salvo que digan que non hai dotación para as **Galescolas** e o deixen para o presuposto do ano que **ven** que non o sei. Está claro que a situación cambio, a situación é distinta.

Decía **Manuel** que e último Pleno, fúcheste porque quixeches ninguén te botou, se non estiveches aquí foi porque así decidíchelo e se logo o viches na rede e non che gustou non te foras, que igual que a **Kiko** ninguén lle denegou a palabra, a ti tampoco se che denegaría. Foi unha decisión tua, mesmo vos dixen cando remate **Kiko** avísovos. E todos **salerosos** fóstesvos e largástesvos e eu díxenvos ¿cando remate **Kiko** chámovos para que volvédeses? E non me contestastes, o sexa que bastante amabilidade tiven que cando vos iades volo dixen. **Os** dixen,¿en canto remate **Kiko** chámovos? E pasastes, bo, pois foi unha decisión vosa e non hai **ningún** problema.

En canto á incongruencia de falar, **Kiko** abandono o teu grupo, Anusca non abandono o meu se Anusca, abandonase o meu grupo **tería** que falar porque estaría nos non adscritos e tería voz propia e en consecuencia cmo Anusca, non abandono o grupo e entón eu díxenlle hai un voceiro, o grupo socialista ten un voceiro e o teu pertences ao grupo socialista. **Kiko** foise do teu grupo, cando estabamos no Pleno **Kiko** xa non estaba no teu grupo, porque presentara un escrito dicindo que quería ser dos non adscritos, co que a situación de **Ana** é totalmente



distinta e non mostra ningunha incongruencia. Mentres estea no grupo socialista, o grupo socialista ten o seu voceiro e fala o seu voceiro. Se presenta un escrito e abandona o grupo socialista, evidentemente o voceiro o os voceiros non a representan e terá que falar ela evidentemente. Dende o meu punto de vista non hai incongruencia que deixo falar a uns e a outros non. Son situacións totalmente distintas e lóxicamente.

O Sr. Manuel Cendan di: cando e o interrompinche, está aí gravado, dixéchesme que o teu non lle ías impedir falar a ninguén, que podía falar quen quixese. A mi estábame a molestar, eu non tiña porque escoitar iso. A min chámame a atención que despois un concelleiro que era PSOE levantou a man e non o deixaches.

Resposta o Sr. Alcalde porque dentro do seu grupo hai un voceiro, entón se quere **falar**, abandona o grupo como fixo **Kiko**. **Kiko** abandono o teu grupo e o teu xa non mandas sobre el.

Pero el é voceiro de si mesmo porque xa non está no teu grupo non obstante o tema de **Ana**, **Ana** ten o seu voceiro, está no grupo socialista e ten o seu voceiro. É totalmente distinto. E eu non escondo absolutamente nada, que aquí hai xiros, hai curvas e todos pasamos por situacións mellores, peores, que cada un xulgue **dentro** dos grupos afloran discusións e afloran tensións. Mentres as arranxemos, pois non pasa nada e **san** se acabou. Ogallá ti puidéselas arranxar, nese sentido, non as arranxaches e que lle imos facer.

O Sr. Cendan di que Eu non esto de acordo con iso porque nesta mesma legislatura ti pasaches por 2 **visicitudes**. Fóiseche o Tenente Alcalde por diferenzas. E o creo que ningún grupo político lle deu **chance**.

O Sr. Alcalde di que foise para casa

O Sr. Manuel Cendan di: Pero Julio eu respeteino e eu nunca lle din **chance** a ninguén nin quixen , é un problema de grupo. Pero aquí deixose e dáse participación coma se fóra, vai ter razón o do bloque, coma se presentase unhas eleccións e tivese unha capacidade de decisión e de cidadanía por detrás. Eu creo que iso se quere utilizar dun xeito e viuse moi claro no Pleno.

O Sr. Alcalde resposta : a diferenza é moi doada, o grupo socialista para ben o para mal conformámolo 5 e despois de 2 anos xurden as tensións porque os 5 non temos porque pensar igual. Cando xurdiron situacións antes pois Vila se foi para casa. Foise el e entro o seguinte e **san** se acabou. Logo cando alguén non se vai para casa, para ben o para mal eu teño unha agrupación que se reúne que ten o seu executiva e os seus militantes e acorda o que teña que acordar. O día que eu sexa cuestionado pola agrupación non me queda máis remedio que ir para casa. O teu como non tes agrupación o que cuestionas es ti.

Sr. Manuel Cendan: Iso quen cho dixo a ti

Sr. Alcalde: Iso dígocho eu, esa é a miña opinión



Sr. Cendán Fernández: pero é a túa opinión pero é mentira

Sr. Alcalde: E a mi, a miña agrupación pódeme cuestionar.

Sr. Manuel Cendán: É mentira, é mentira

Sr. Alcalde: Non onde está a túa agrupación?, ¿Onde está constituída a túa agrupación? ¿onde está o teu executiva local?

Sr. Manuel Cendán : estás equivocado

Sr. Alcalde: Que como bispo te erixes como dono e señor dos teus. Eu non obstante, non. A mi reúnese a executiva mañá, dáme unha patada no cu e me chimpa, esa é a diferenza do meu partido e o teu.

Sr. Manuel Cendán: non che esto a acusar a ti de nada, e o que fagas no grupo socialista impórtame un ovo, pero ninguén lle deu chance. Se queres entramos e revolvemos a merda e tivestes problemas dende que estivo gobernado Pepe Gil, en todas as corporacións se vos foron dos, dos!

Sr. Alcalde: Claro que si

SR. Manuel Cendán: Non se pode facer cabalo de batalla diso e que a le de chance como o teu quéreslle dar a esa persoa e esa é a situación.

Sr. Alcalde: pero a grande diferenza que hai e cho digo é que hai partidos, e partidos

Hai agrupacións e agrupacións

SR. Manuel Cendán: Pero por iso nós somos o primeiro partido en Ares dende o ano 89

Sr. Alcalde: si home si, se a mi paréceme moi ben

Sr. Manuel Cendán: ¿Vale? Pois iso hai que respectar tamén

Sr. Alcalde: Sen dúbida ningunha

Sr. Manuel Cendán: E estás a falar cunha persoa que dende que está, gañou todas as eleccións, a pesar dos pesares. E de quedar só, gañei as eleccións municipais. E o que máis respaldo político ten neste concello, é esta persoa á que ti estaste a dirixir e polo menos un poco de respecto.

SR. Alcalde: Mira Manuel, son igual en dignidade que ti, podos dicirte o que quero igual que ti, se non te gusta te aguantas.

Sr. Manuel Cendán: Pero non me acuses do que non son, cando es ti



SR. Alcalde: Punto e xa está. Mira, podes quitar os temas que queres

Sr. Manuel Cendán :Non te vai valer de nada, nin a ti nin ao outro grupo que se quixo utilizar iso

Sr. Alcalde: queres calar e escoitarme

Sr. Manuel Cendán: O Partido Popular dende o ano 89, leva 21 anos gañando as eleccións e vai seguir gañándoas, a pesar de o pesar, ten a confinaza da cidadanía.

SR. Alcalde: Moi ben, estupendo

SR. Alcalde: Atende, agora imos poñer as cosas no seu sitio. Isto a falar eu e estoche a contestar e o teu puidiches falar. Entón o teu quita os problemas que queiras, e eu quito os que quero eu se podo resolvelo, resólvo e se teu non os resolves é o teu problema ¿de acordo? Pois xa está, pois Kiko está nos non adscritos e se acabou, punto e iso non o inventei eu.

SR. Manuel Cendán: Eu o que che esto a acusar a ti é que estás a utilizar iso, si Julio, si que somos maiores de idade.

SR. Alcalde : Entón o tema do barco, faleino na comisión de facenda antes do Pleno e dixen a urxencia que requiría intervílo porque se se afunde incorremos en responsabilidade civil. Eu o que fixen foi propoñer por vía de urxencia, para salvar a miña responsabilidade civil, punto. Se con ese barco pasa algo, cando o xuíz pregunte os que foron dilixentes o quen non foron dilixentes eu direi que intentei arranxalo e que non me deixaron, eu co meu voto salvei a miña responsabilidade, hai un barco que o capitán marítimo de Sada me di que está fastidiado, por vía de urxencia pido que se arranxe. Votouse que non, cando ese barco se afunda e o xuíz pregunte quen foi dilixente o quen non foi dilixente eu direi que intentei arranxalo e que esta corporación non me deixo, punto. Nada máis, non pretendía nada máis e se o teu abandonaches o Pleno, foi o teu problema.

En canto ao informe do secretario eu resolverei o recurso que presenta o Partido Popular e compartirei o informe do Secretario o non o compartirei e punto, e se non o comparto, obráis en consecuencia.

En canto ao pivote, dixen que o temos que mirar e en canto ao Mazote, xa o expliquei, Os Galgos a Simou hai que ir a mirar, o da auga xa dixen que é un accidente e o da talla, é unha poda. Podáronse os plataneiros e quedan pendente de podar, vanse podar todos. Podáronse uns e vanse podar outros e nada máis.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas tres minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

O ALCALDE,

O SECRETARIO,